¹*Grupo de Investigación Photonics4Life, Departamento de Física Aplicada. Facultade de Física and Facultade de Óptica e Optometría. Universidade de Santiago de Compostela*

²*Departamento de Farmacoloxía, Farmacia e Tecnoloxía Farmacéutica I+D Farma (GI-1645), Facultade de Farmacia, E Instituto de Investigación Sanitaria de Santiago (IDIS), Universidade de Santiago de Compostela*

³*Instituto de Materiales (iMATUS). Universidade de Santiago de Compostela, Santiago de Compostela*

yago.radziunas.salinas@usc.gal

Palabras chave: ablación, rexeneración ósea, femtosegundos.

Cómpre desenvolver técnicas fotónicas para impulsar novos tratamentos en enxeñaría tisular no marco da medicina personalizada. Un caso de gran interés son as lesións óseas, onde existen dificultades para crear plataformas médicas poliméricas onde as células se poidan adherir eficientemente para mellorar o tratamento da lesión.

Pola súa parte, os láseres pulsados con pulsos no rango de femtosegundos permiten modificar, mediante ablación, a superficie dos materiais de forma controlada, xerando un texturizado de alta precisión sen alterar a natureza física do substrato, evitando a aparición de defectos térmicos [1]. Isto é de grande interese no procesado de polímeros, que, ao tenderen a fundir, non permiten o mesmo acabado superficial cando se empregan tecnoloxías de láser pulsado con pulsos de réximes temporais máis longos (nano/ picosegundos) [2].

Neste traballo desenvolverase unha plataforma de andamiaxe (*scaffold*) con propiedades melloradas en termos de crecemento celular combinando a impresión 3D de biopolímeros co cambio preciso da súa morfoloxía mediante ablación láser de femtosegundos. Propuxéronse dous patróns de ablación e analizouse a calidade do texturizado empregando diferentes técnicas ópticas (Fig. 1) así como o seu poder de adhesión con ensaios celulares mediante microscopía confocal de fluorescencia. Comprobouse que

o texturizado no rango dimensional celular aumenta a adhesión no andamio, inducido polos cambios da orientación celular na dirección do mecanizado (Fig. 2).




Figura 1: Microtomografía Computerizada en andamios texturizados con liñas de a) 10 μm , b) 80 μm de ancho.




Figura 2: Adhesión celular sobre andamios de a) control, liñas de b) 10 μm , c) 80 μm .

Agradecementos

Este traballo foi posible grazas aos seguintes contratos: PID2022-138322OB-100 MCIN/AEI/10.13039/501100011033/FEDER, UE e Consellería de Educación Xunta de Galicia/FEDER ED431B 2023/07 e RTI2018-097063-B-I00 AEI. B. Carnero agradece a GAIN/Xunta de Galicia polo contrato 11-IN606D-2021-2604925. Y. Radziunas-Salinas agradece ao Ministerio de Ciencia, Innovación y Universidades polo seu contrato FPU22/01231.

Referencias

- [1] K.S. TIAW, S.W. GOH, M. HONG, Z. WANG, B. LAN, S.H. TEOH, Laser surface modification of poly(ϵ -caprolactone) (PCL) membrane for tissue engineering applications, *Biomaterials* 26.7, 763-769 (2005).
- [2] S. RAVI-KUMAR, B. LIES, H. LYU, H. QIN, Laser Ablation of Polymers: A Review, *Procedia Manufacturing* 34, 316-327 (2019).

SQM impulsado por ML para estimaciones precisas de alturas de barreras en reacciones

OMAR RODRÍGUEZ¹, SAULO A. VAZQUEZ¹, BERTA FERNÁNDEZ¹, EMILIO MARTÍNEZ¹, JAN REZÁČ²

¹*Departamento de Química Física, Facultade de Química. Universidade de Santiago de Compostela*

²*Institute of Organic Chemistry and Biochemistry, Academy of Sciences of the Czech Republic
(República Checa)*

omar.rodriguez@rai.usc.gal

Palabras claves: predicción, reacciones, semiempírico.

En el estudio de reacciones químicas, la teoría del estado de transición (TST) se utiliza comúnmente para analizar la cinética. Sin embargo, predecir con precisión las alturas de barrera (BH) normalmente exige métodos costosos.

Los enfoques tradicionales implican métodos costosos como el estándar de oro de clúster acoplado que incluye excitaciones simples y dobles con excitaciones triples perturbativas [CCSD(T)] o la teoría funcional de densidad (DFT), que puede no siempre ser factible, especialmente para grandes o sistemas complejos.

Una de esas estrategias que está ganando terreno es la integración del aprendizaje automático (ML) con métodos semiempíricos (SQM). Los métodos SQM son significativamente más rápidos que DFT y proporcionan resultados con suficiente precisión cuando se aplican a moléculas del mismo tipo que las del conjunto de entrenamiento. Aprovechando el poder del ML, los investigadores pretenden desarrollar correcciones que refinan las predicciones de SQM, particularmente en lo que respecta a las BH. Estas correcciones, a menudo denominadas Δ -ML.

Nuestra investigación presenta un enfoque para mejorar la precisión de los métodos SQM en la obtención de BH cercanos al nivel de referencia en una base de 11960 reacciones. En concreto, utilizamos como referencia los cálculos con un nivel de DFT ω B97X-D3/def2-TZVP, que ha demostrado predecir BH con un error absoluto medio (MAE) de 3,5 kcal/mol frente a un CCSD(T)- Referencia F12 [1].

Los cálculos de bajo nivel se realizaron con los métodos HF-3c [2] y r2SCAN-3c [3]. Todos estos cálculos se utilizarán para preparar el conjunto de entrenamiento donde funcionará la corrección analítica del Δ -ML.

Referencias

- [1] SPIEKERMANN, K., PATTANAIK, L., GREEN, W. H. 2022. High accuracy barrier heights, enthalpies, and rate coefficients for chemical reactions. *Sci. Data*, **9**, 417.
- [2] SURE, R., GRIMME, S. 2013. Corrected Small Basis Set Hartree-Fock Method for Large Systems. *J. Comput. Chem.* **34**, 1672–1685.
- [3] BURSCH, M., GRIMME, S., STÜCKRATH, J. B., GASEVIC, T. 2022. Optimization of the r2SCAN-3c Composite Electronic Structure Method for Use with Slater-Type Orbital Basis Sets. *J. Phys. Chem. A*. **126**(23), 3826-3838.

A química no espazo

ANXO LEMA-SAAVEDRA¹, ANTONIO FERNÁNDEZ-RAMOS^{1,2}, EMILIO MARTÍNEZ-NÚÑEZ²

¹*Centro Singular de Investigación en Química Biolóxica e Materiais Moleculares (CIQUS)*
Universidade de Santiago de Compostela

²*Departamento de Química Física, Facultade de Química. Universidade de Santiago de Compostela*
anxo.lemasaaavedra@usc.gal

Palabras chave: espazo, química computacional, mecanismos de reacción.

O descubrimento de diferentes moléculas complexas no espazo interestelar levou á comunidade científica a preguntarse acerca da súa orixe. A detección de moléculas orgánicas e inclusive precursores de compostos biolóxicos, despertou aínda máis o interese no ámbito da química. Como poden chegar a producirse reaccións químicas en condicións tan extremas como as que podemos chegar a atopar no espazo interestelar?[1]

Para responder a isto xoga un papel fundamental a química teórica. Mediante a busca de canais de reacción podemos chegar a ser capaces de propor mecanismos que expliquen a aparición de diversas moléculas. No proceso de atopar estes procesos químicos, xoga un papel fundamental a automatización do estudos, pois no espazo, debido á baixa presión e temperatura que hai en moitas zonas, atopamos moitas moléculas que non son intuitivas para a nosa mente acostumada á química da terra [2,3].

Referencias

- [1] SANDFORD, S.A., NUEVO, M., PARTHA, P.B., LEE, T.J. 2020. Prebiotic Astrochemistry and the Formation of Molecules of Astrobiological Interest in Interstellar Clouds and Protostellar Disks. *Chemical Reviews* 120(11), 4616-4659.
- [2] GUERRERO-MÉNDEZ, L., LEMA-SAAVEDRA, A., JIMÉNEZ, E., FERNÁNDEZ-RAMOS, A., MARTÍNEZ-NÚÑEZ, E., 2023. Gas-phase formation of glycolonitrile in the interstellar medium. *Physical Chemistry Chemical Physics* 25, 20988.

- [3] MARTÍNEZ-NÚÑEZ, E., BARNES, G.L., GLOWACKI, D.R., KOPEK, S., PELÁEZ, D., RODRÍGUEZ, A., RODRÍGUEZ-FERNÁNDEZ, R., SHANNON, R.J., STERWART, J.J.P., TAHOCES, P.G., VAZQUEZ, S.A., 2021, AutoMeKin2021: An open-source program for automated reaction discovery. *Journal of Computational Chemistry* 42(28), 2036-2048.

Inducción de la metamorfosis de almeja fina utilizando inductores químicos

DIANA LLAMAZARES¹, SUSANA NÓVOA², JUSTA OJEA², ANA PIÑEIRO², ANTÍA VILLADA²,
ANTONIO PAZOS¹, M. LUZ PÉREZ-PARALLÉ¹

¹Grupo ACUIBIOMOL. Dpto. de Bioquímica y Biología Molecular, Instituto de Investigación del Medio Acuático para una Salud Global-iARCUS. Universidade de Santiago de Compostela.

²Centro de Investigacións Mariñas, Consellería do Mar. Xunta de Galicia

diana.llamazaresl@rai.usc.gal

Palabras clave: almeja fina, inducción, metamorfosis.

Introducción

La almeja fina, *Ruditapes decussatus* (Linnaeus, 1758) es altamente valorada por el consumidor en Galicia, pero su producción actual no puede satisfacer la demanda. Para mejorar la producción, se ha abordado uno de los cuellos de botella de su cultivo en criadero, optimizando la inducción de la metamorfosis de larvas competentes, utilizando diversos compuestos químicos.

Materiales y métodos

Larvas de *R. decussatus* fueron cultivadas en las instalaciones del CIMA, utilizando un sistema cerrado y alimentadas con mezcla de microalgas. Se realizó un experimento de inducción de la metamorfosis con larvas competentes (17-21 días de cultivo) siguiendo los protocolos descritos en [1]. Se probaron siete compuestos neuroactivos: epinefrina, norepinefrina, GABA, L-DOPA, serotonina, acetilcolina e IBMX. Las larvas fueron expuestas durante 48 h por triplicado a las concentraciones de 10^{-4} , 10^{-5} y 10^{-6} M de los citados compuestos. El experimento presentaba un control con agua de mar filtrada. Las larvas fueron observadas al microscopio óptico y contabilizadas las larvas que habían sufrido metamorfosis y las que no. Los

porcentajes de metamorfosis y de mortalidad fueron calculados y los resultados fueron analizados estadísticamente mediante ANOVA (SPSS).

Resultados y discusión

Los resultados preliminares indican que serotonina y acetilcolina son los inductores de metamorfosis más efectivos (Figura 1), aunque GABA e IBMX a la concentración más elevada, también ejercen un efecto positivo. Estos inductores no afectaban a la supervivencia de las larvas. En el futuro se realizarán nuevos experimentos para confirmar los resultados obtenidos.




Figura 1: Porcentaje de metamorfosis de larvas competentes de almeja fina sometidos a tres concentraciones de diferentes neurotransmisores o a agua de mar (control).

Agradecimientos

This study forms part of the Marine Science programme (ThinkInAzul) supported by Ministerio de Ciencia e Innovación and Xunta de Galicia with funding from European Union NextGenerationEU (PRTR-C17.I1) and European Maritime and Fisheries Fund. D.L. está contratada con cargo a fondos FEMP dentro del Programa de Ciencias Marinas.

Referencias

- [1] MESÍAS-GANSBILLER C., SILVA A., MANEIRO V., PAZOS A.J., SÁNCHEZ J.L. y PÉREZ-PARALLÉ M.L. 2013. Effects of chemical cues on larval settlement of the flat oyster (*Ostrea edulis* L.): a hatchery approach. *Aquaculture* 85-89,(376-379).

Síntesis de 2-hidroxibiarilos quirales a través de reacción de olefinación C-H enantioselectiva

PABLO LOSADA¹, LAURA GOICOECHEA¹, JOSÉ LUIS MASCAREÑAS¹, MOISÉS GULÍAS¹

¹(CIQUS) y el Departamento de Química Orgánica. Universidade de Santiago de Compostela
pablolosada.castro@usc.gal

Palabras clave: activación C-H, quiralidad axial, 2-hidroxibiarilos.

Los compuestos biarílicos quirales con grupos hidroxilo en la posición 2 son de especial relevancia en química orgánica, puesto que están presentes en la estructura de productos naturales y materiales quirales, así como son intermedios directos o parte de ligandos y organocatalizadores.

A pesar de la abundancia comercial de fenoles y naftoles, la síntesis enantioselectiva de 2-hidroxibiarilos se encuentra aún bastante limitada [1]. Uno de los métodos preferidos para llevarla a cabo es la activación-funcionalización C-H [2]. Sin embargo, solo existen algunos ejemplos aislados de síntesis de 2-hidroxibiarilos mediante este método y en ningún caso se trata de ejemplos enantioselectivos [3,4].

Teniendo todo esto en cuenta, nosotros aquí describimos el primer ejemplo de síntesis enantioselectiva de biarilos que emplea un grupo hidroxilo como grupo director para dirigir la activación C-H [5]. Se trata de una resolución cinética de 2-hidroxibiarilos a través de un proceso de olefinación C-H en la que, a partir de materiales de partida muy asequibles, se obtienen tanto los sustratos iniciales como los productos olefinados de gran relevancia con excelentes enantioselectividades bajo condiciones suaves. Además, debido a la amplia reactividad del grupo hidroxilo y la olefina, ambos tipos de compuestos pueden convertirse fácilmente en una amplia variedad de biarilos quirales diversamente funcionalizados.




Figura 1: Resolución cinética de 2-hidroxibiariilos vía reacción de olefinación C-H.

Agradecimientos

Este trabajo ha recibido financiación de los subsidios españoles (SAF2016-76689-R, CTQ2016-77047-P, CTQ2017-84767-P y ORFEO-CINCA CTQ2016-81797-REDC), la Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria (2015-CP082, ED431C-2017/19 y el Centro Singular de Investigación de Galicia acreditación 2016-2019, ED431G/09), la Unión Europea (European Regional Development Fund-ERDF que se corresponde con la financiación multianual 2014-2020) y el centro de investigación Europea (Advanced Grant No. 340055). Agradecer también a la Xunta de Galicia por la financiación en forma de beca predoctoral.

Referencias

- [1] BRINGMANN, G.; PRICE MORTIMER, A. J.; KELLER, P. A.; GRESSER, M. J.; GARNER, J.; BREUNING, M. 2005. Atroposelective synthesis of axially chiral biaryl compounds. *Angew. Chem., Int. Ed.* 44, 5384-5427.
- [2] CHEN-XU, L.; WEN-WEN, Z.; SI-YONG, Y.; QING GU; SHU-LI, Y. 2021. Synthesis of Atropoisomers by Transition-Metal-Catalyzed Asymmetric C-H Functionalization Reactions. *J. Am. Chem. Soc.* 143(35), 14025-14040.
- [3] MASAHIRO, M.; TAKATOSHI, T.; TETSUYA, S.; MASAKATSU, N. 1997. Palladium-Catalyzed Oxidative Cross-Coupling of 2-Phenylphenols with Alkenes. *Chem. Lett.* 26, 1103-1104.
- [4] ZHANG, C.; JI, J.; SUN, P. 2014. Palladium-Catalyzed Alkenylation via sp² C-H Bond Activation Using Phenolic Hydroxyl as the Directing Group. *J. Org. Chem.* 79, 3200-3205.
- [5] LOSADA, P.; GOICOECHEA, L.; MASCAREÑAS, J. L.; GULÍAS, M. 2023. Axially Chiral 2-Hydroxybiaryls by Palladium-Catalyzed Enantioselective C-H Activation. *ACS Catal.* 13, 13994-13999.

Modificación de nanocaixas de platino con péptidos para a súa entrega selectiva a tumores

MANUEL PÉREZ-PÉREZ¹, YERAY FOLGAR-CAMEÁN¹, EDUARD O. BOBYLEV², IRENE LOSTALÉ-SEJO¹, JOOST N. H. REEK² E JAVIER MONTENEGRO¹

¹*Centro Singular de Investigación en Química Biolóxica e Materiais Moleculares (CiQUS) e Departamento de Química Orgánica. Universidade de Santiago de Compostela*

²*Van't Hoff Institute for Molecular Sciences. University of Amsterdam*

manuelperez.perez@usc.gal

Palabras chave: nanocaixas, péptidos, entrega selectiva.

As propiedades distintivas do microambiente tumoral poden ser aproveitadas para unha entrega selectiva de axentes terapéuticos ás células cancerosas [1]. Neste traballo, describimos a funcionalización dunha nanocaixa organometálica de platino cun péptido sensible ao microambiente tumoral (PSMT) co obxectivo permitir a internalización celular selectiva en resposta á presenza de encimas sobreexpresados e secretados polas células tumorais. Para iso, deseñouse un PSMT cunha secuencia que reduce a internalización inespecífica da nanocaixa e un sitio específico de corte para encimas do microambiente tumoral. O recubrimento das nanocaixas cunha capa deste péptido dificultaría a internalización celular até que o PSMT sexa hidrolizado polos encimas tumorais. O tratamento da nanocaixa funcionalizada con diferentes niveis destes encimas deu lugar a distintos graos de internalización, confirmando a internalización activada das nanocaixas en resposta á acción encimática. De xeito similar, asociáronse niveis elevados destes encimas cunha maior citotoxicidade das nanocaixas. En conclusión, a funcionalización peptídica desta nanocaixa de platino conduciu a un aumento na internalización celular e na citotoxicidade tras a súa exposición a encimas do microambiente tumoral. Isto supón un avance prometedor no desenvolvemento de candidatos para a entrega selectiva a tumores.




Figura 1: A capacidade de internalización celular das nanocaixas (cubos) atópase inhibida pola funcionalización co PSMT (barras). En presenza de encimas do microambiente tumoral, estes hidrolizan o PSMT, permitindo a internalización da nanocaixa.

Referencias

- [1] HUANG, S., SHAO, K., KUANG, Y., LIU, Y., LI, J., AN, S., GUO, Y., MA, H., HE, X., JIANG C. 2013. Tumor targeting and microenvironment-responsive nanoparticles for gene delivery. *Biomaterials* 34(21), 5294-5302.

Análise de residuos de xiringas para determinar o consumo de substancias por vía intravenosa en prácticas de *chemsex*

CARLOS PERNAS FRAGUELA¹, XIANA GONZÁLEZ GÓMEZ¹, ANDREA ESTÉVEZ DANTA¹,
ROSARIO RODIL¹, JOSÉ BENITO QUINTANA¹, ROSA MONTES¹

¹*Departamento de Química Analítica, Nutrición y Bromatología, Instituto de Investigación do Medio Acuático para Unha Saúde Global (iARCUS). Universidade de Santiago de Compostela*
carlos.pernas.fraguela@usc.gal

Palabras chave: química analítica, chemsex, vía intravenosa.

O *chemsex* defínese como a práctica sexual intencionada baixo o efecto de substancias psicoactivas, xeralmente entre homes que teñen sexo con homes [1]. Pode clasificarse segundo moitos factores: número de persoas, tipos de consumo, etc. Dependendo da substancia consumida, a súa administración pode ser oral (GHB), aspirada (cocaína) ou intravenosa (catinonas). Esta última práctica é a coñecida como *slamming* [2].

Co gallo de coñecer de forma obxectiva as substancias consumidas por vía intravenosa durante a práctica do *slamming* desenvolveuse un novo indicador, a análise de residuos de xiringas [3].

Obtivéronse mostras en tres períodos de mostraxe diferentes nun centro de redución de danos de Madrid, polo que se puideron analizar as tendencias temporais de consumo. Estas mostras preparáronse segundo o protocolo establecido polo EMCDDA [4] e, tras a extracción, inxectouse 1 µL do devandito extracto nun equipo de cromatografía líquida acoplada a espectrometría de masas de alta resolución (HPLC-QTOF). A identificación tentativa fíxose a través do tempo de retención, da masa exacta e da comparación dos espectros obtidos cunha librería propia que contiña máis de 200 substancias, entre as que están as susceptibles de ser consumidas por vía intravenosa nas prácticas de *slamming*.

Entre as substancias máis consumidas destacan a metanfetamina e as catinonas, un conxunto de novas substancias psicoactivas. Dentro deste grupo destaca o consumo da clorometilcatinona (CMC) durante todas as campañas, aínda que outras como a pentedrona ou mefedrona aparecen de forma significativa en períodos específicos.

Agradecementos

Este traballo foi financiado polo Plan Nacional sobre Drogas (PNSD; 2022I003) e Instituto de Salud Carlos III/ Next Generation EU/ Plan de Transformación e Resiliencia (RD 21 0009 0012 e 21 0009 0001).

Referencias

- [1] SANTORO, P., RODRÍGUEZ, R., MORALES, *et al.* 2020. One «chemsex» or many? Types of chemsex sessions among gay and other men who have sex with men in Madrid, Spain: findings from a qualitative study. *International Journal of Drug Policy* 82, 102790.
- [2] SCHEIBEIN, F., WELLS, J., HENRIQUES, S., VAN HOUR, M. C. 2021. «Slam sex» – Sexualized injecting drug use («SIDE») amongst men who have sex with men (MSM) – a scoping review. 68 (14), 2344-2358.
- [3] BRUNT, T. M., LEFRANÇOIS, E., GUNNAR, T., *et al.* 2021. Substances detected in Europe in 2017 and 2018: the European Syringe Collection and Analysis Project Enterprise (ESCAPE). *International Journal of Drug Policy* 95, 103130.
- [4] EMCDDA. 2021. European Syringe Collection and Analysis Enterprise: Generic Protocol. 2021.

Helicatos peptídicos como agentes de unión al ADN de tres vías

DIEGO SÁNCHEZ-BRUNETE GAYOSO¹, MIGUEL VÁZQUEZ LÓPEZ¹, EUGENIO VÁZQUEZ SENTÍS²

¹ Centro Singular de Investigación en Química Biolóxica e Materiais Moleculares (CiQUS),
Departamento de Química Inorgánica. Universidade de Santiago de Compostela

² Centro Singular de Investigación en Química Biolóxica e Materiais Moleculares (CiQUS),
Departamento de Química Orgánica. Universidade de Santiago de Compostela
diego.sanchezbrunete@rai.usc.gal

Palabras clave: metalopéptido, ADN, helicato.

En los últimos años se ha producido un enorme desarrollo en el campo de la Química Biolóxica, ofreciendo soluciones a problemas biolóxicos desde un punto de vista químico.

En este sentido, el uso de iones metálicos ofrece un gran número de oportunidades para el control de propiedades a nivel molecular. Por otra parte, los péptidos aportan extraordinarias características estructurales y una gran variedad de funciones a nivel biológico. Por tanto, la combinación supramolecular entre iones metálicos y estructuras peptídicas abre un gran abanico de posibilidades a la hora de resolver problemas biolóxicos [1].

Más concretamente, en nuestro grupo se explora la formación de helicatos metalo-peptídicos con propiedades de unión a estructuras no canónicas del ADN, es decir, formas alternativas a la clásica doble hélice, y que suelen estar relacionadas con diferentes tipos de enfermedades. En esta línea hemos sintetizado un helicato peptídico de Fe(II) con capacidad de unirse selectivamente al ADN de tres vías, una estructura involucrada en el desarrollo de algunos tipos de cáncer [2]. Una vez comprobada la afinidad por este tipo de ADN con el helicato de hierro, se descubrió que intercambiando el Fe(II) por Cu(II) además de unirse a este ADN tiene la capacidad de romperlo [3]. A mayores, se puede modular esta unión mediante la aplicación de estímulos externos como la luz, abriendo el camino para el desarrollo de agentes anticancerígenos a través de esta metodología.

Referencias

- [1] OHEIX, E., PEACOCK, A. F. 2014. Metal-ion-regulated miniature DNA-binding proteins based on gcn4 and non-native regulation sites. *Chemistry – A European Journal*, 20(10), 2829–2839; b) Zhou, Z., Roelfes, G. 2020. Synergistic catalysis in an artificial enzyme by simultaneous action of two abiological catalytic sites. *Nature Catalysis*, 3(3), 289–294; c) Meier-Menches, S. M., Casini, A. 2020. Design Strategies and Medicinal Applications of Metal-Peptidic Bioconjugates. *Bioconjugate chemistry* 31(5), 1279-1288.
- [2] GÓMEZ-GONZÁLEZ, J., PÉREZ, Y., SCIORTINO, G., ROLDAN-MARTÍN, L., MARTÍNEZ-COSTAS, J., MARÉCHAL, J., ALFONSO, I., VÁZQUEZ LÓPEZ, M., VÁZQUEZ, M. E. 2021. Dynamic stereo-selection of peptide helicates and their selective labeling of DNA replication foci in cells**. *Angewandte Chemie International Edition* 60(16), 8859–8866.
- [3] ALCALDE-ORDÓÑEZ, A., BARREIRO-PIÑEIRO, N., MCGORMAN, B., GÓMEZ-GONZÁLEZ, J., BOUZADA, D., RIVADULLA, F., VÁZQUEZ, M. E., KELLETT, A., MARTÍNEZ-COSTAS, J., LÓPEZ, M. V. 2023. A copper(ii) peptide helicate selectively cleaves DNA replication foci in mammalian cells. *Chemical Science* 14(48), 14082-14091.

Ciclos de reacción para a unión específica. De péptido e ARN fóra do equilibrio

AXEL SARMIENTO FUENTES¹, M. EUGENIO VÁZQUEZ¹, M. STASI², J. BOEKHOVEN²

¹*Centro Singular de Investigación en Química Biolóxica e Materiais Moleculares (CIQUS) and
Departamento de Química Orgánica. Universidade de Santiago de Compostela*

²*TUM School of Natural Sciences, Department of Chemistry, Chair of Supramolecular Chemistry,
Technical University of Munich (Germany)*

axel.sarmiento.fuentes@usc.gal

Palabras chave: péptido, RNA, supramolecular.

O ciclo de reacción química consiste en dúas reaccións químicas. Deste xeito, un precursor é temporalmente activado/impulsado polo combustible para realizar unha función, e esa función é regulada a través da cinética de activación e desactivación espontánea. Neste ciclo de reacción química, provocamos que un ácido aspártico C-terminal se transforme no seu anhídrido correspondente a expensas dun axente condensante. Ese anhídrido desactívase espontaneamente a través da hidrólise ao seu precursor cunha vida media de aproximadamente 30 segundos. Basándonos nisto, desenvolveuse un péptido de tal forma que, unha vez activado, se une selectivamente ao ARN e pode formar gotas de coacervado. Estas gotas emerxen espontaneamente en resposta ao combustible químico, e decaerán sen o combustible, polo que teñen unha vida limitada. Aínda que isto é emocionante, estas gotas non son cataliticamente activas e non realizan ningunha función máis que ser un compartimento. O próximo paso importante cara á vida sintética é funcionalizar as gotas con ARN cataliticamente activo.




Figura 1: Esquerda. Detalle da estrutura do péptido hairpin BIV Tat-TAR [1] e o elemento de resposta de transactivación de ARN destacando a posición de Lys75 en laranxa e o Arg80 no C-terminal [2,3]. Dereita: Síntese do péptido dinámico R80D mediante modificación ortogonal de un Glu [4].

Agradecementos

Agradecemos as subvencións RTI2018-099877-B-I00 e PID2021-127702NB-I00 financiadas por MCIN/AEI/10.13039/501100011033 e polo FEDER - Unha maneira de facer Europa. Tamén agradecemos á Xunta de Galicia polas axudas ED431B 2018/04, á acreditación como Centro Singular de Investigación de Galicia 2016-2019 ED431G/09 e ED431C2021/29; e ao Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional. Tamén queremos agradecer a Job Boekhoven por permitirme traballar no seu laboratorio durante o 2022.

Referencias

- [1] PUGLISI, J. D., CHEN, L., BLANCHARD, S., FRANKEL, A. D. 1995. Solution structure of a bovine immunodeficiency virus Tat-TAR peptide-RNA complex, *Science* **270**, 1200-1203.
- [2] YE, X., KUMAR, R. A., PATEL, D. J. 1995. Molecular recognition in the bovine immunodeficiency virus Tat peptide-TAR RNA complex, *Chem. Biol.* **2**, 827-840
- [3] CHEN, L., FRANKEL, A. D. 1995. *Proc. Natl. Acad. Sci. U. S. A.* **92**, 507-508.
- [4] PENAS, C., PAZOS, E., MASCAREÑAS, J. L., VÁZQUEZ, M. E. 2013. *J. Am. Chem. Soc.* **135**, 3812-814.

Predicción del flujo de salida de embalses usando diferentes algoritmos de aprendizaje automático

ANTON SORIA-LOPEZ¹, CARLOS SOBRIDO-POUSO¹, JUAN CARLOS MEJUTO¹,
GONZALO ASTRAY DOPAZO¹

¹*Universidade de Vigo, Departamento de Química Física. Facultade de Ciencias, Ourense*
anton.soria@uvigo.gal

Palabras clave: embalse, aprendizaje automático, predicción.

Los embalses tienen una gran importancia en la actualidad debido a su capacidad de mantener y regular el flujo de agua [1]. La capacidad de predecir correctamente sus flujos de salida posibilita una correcta gestión de agua y permite el desarrollo de sistemas de alerta temprana. Por estos motivos, se ha estudiado el uso de tres algoritmos de aprendizaje automático ampliamente utilizados en diferentes campos de la investigación (bosque aleatorio, máquina de vector soporte y red neuronal artificial) para predecir el flujo de salida, con un día de adelanto en ocho embalses pertenecientes a la Confederación Hidrográfica Miño-Sil (Galicia, Noroeste de España) [2, 3]. Los modelos seleccionados fueron capaces de predecir correctamente el flujo de salida en condiciones normales, sin embargo, se pudo observar que las redes neuronales artificiales presentaron mejores ajustes en cinco de los ocho embalses estudiados [2, 3].

Referencias

- [1] GARCÍA-FEAL O., GONZÁLEZ-CAO J., FERNÁNDEZ-NÓVOA D., ASTRAY DOPAZO G., and GÓMEZ-GESTEIRA M. 2022. Comparison of machine learning techniques for reservoir outflow forecasting. *Natural Hazards and Earth Systems Sciences* **22**, 3859-3874.

- [2] SORIA-LOPEZ A., SOBRIDO-POUSO C., MEJUTO J.C., and ASTRAY G. 2023 . Assessment of Different Machine Learning Methods for Reservoir Outflow Forecasting. *Water* 15, 3380.
- [3] SOBRIDO POUSO C. 2023. Predicción del caudal de salida de embalses de la Confederación Hidrográfica del Miño-Sil usando técnicas de machine learning. Trabajo Fin de Grado. Universidade de Vigo.

Síntesis de estructuras lipídicas con capacidad de autoensamblaje

FEDERICA A. SOUTO-TRINEI¹, ROBERTO J. BREA-FERNÁNDEZ²

¹*BioInspired NanoChemistry group (BioNanoChem). Universidade da Coruña*
federica.souto.trinei@udc.gal

Palabras clave: química biomimética, lípidos, autoensamblaje.

Una característica notable que poseen las células vivas es su notable capacidad para organizar macromoléculas de manera espaciotemporal, mejorando así su funcionalidad general [1]. Estas células están equipadas con varios compartimentos subcelulares, que se forman mediante el autoensamblaje de componentes básicos de lípidos, proteínas e incluso ácidos nucleicos. Los lípidos se consideran una de las familias de moléculas biológicas más conocidas y su naturaleza intrincada capta la atención de los científicos. Estos compartimentos funcionan como centros centrales para procesos biológicos clave, incluida la biosíntesis, el metabolismo y la señalización. A pesar del inmenso interés que rodea a los orgánulos naturales, el desarrollo de estrategias sencillas para replicar estos eficientes compartimentos sigue siendo un desafío, con un margen limitado para una emulación exitosa [2]. En esta comunicación, presentamos nuevas estrategias que se han ideado para generar lípidos artificiales no canónicos que poseen la capacidad de auto ensamblarse en vesículas, imitando la estructura de membrana que se encuentra en las células con propiedades funcionales efectivas [3].

Referencias

- [1] D. M. MITREA, R. W. KRIWACKI. 2016. Phase separation in biology; functional organization of a higher order. *Cell Commun. Signal.* 14, 1-20.
- [2] A. BHATTACHARYA, R. J. BREA, N. K. DEVARAJ. 2018. *De novo* vesicle formation and growth: an integrative approach to artificial cells. *Chem.Sci.* 8, 7912-7922.

- [3] FEDERICA A. SOUTO-TRINEL, R. J. BREA, N. K. DEVARAJ, 2023. Biomimetic construction of phospholipid membranes by direct aminolysis ligations. *Interface Focus* 13, 11-11.

Diseño, síntesis y potencial actividad biológica de complejos Pd(II)-carborano

IRENE VÁZQUEZ-CARBALLO¹, ANTONIO SOUSA-PEDRARES¹

¹*Suprabioin Lab, Departamento de Química Inorgánica, Universidade de Santiago de Compostela*
irenevazquez.carballo@usc.gal

Palabras chave: *orto*-carborano, iminofosforano, complejos de Pd(II).

Los sistemas conocidos como carboranos están formados por átomos de boro y carbono conformando clústeres moleculares. Estos sistemas, presentan propiedades físicas y químicas especiales, por lo que sus derivados pueden ser considerados como un nuevo tipo de farmacóforo interesante para el diseño y desarrollo de distintos fármacos. Recientemente se puede constatar un gran interés en la investigación de estos clústeres icosaédricos y sus derivados debido a sus aplicaciones en la química medicinal antitumoral, especialmente en la terapia por captura de neutrones por boro (BNCT) y como sistemas anticancerígenos [1-3].

Además, continúa siendo de gran interés la síntesis, caracterización, estructura y actividad biológica de complejos de Pd(II)/Pt(II) [4]. En este marco, se describe la síntesis y estructura de un complejo de paladio con un ligando basado en carborano, [PdCl₂((B₃Cc)-iminofosforano-fosfina-*orto*-carborano)], (Figura 1) que podría presentar actividad anticancerígena.




Figura 1: Estrutura de raios X do complexo $[PdCl_2((B3,Cc)\text{-iminofosforano- fosfina-}orto\text{-carborano})]$.

Agradecementos

Se agradece la financiación proporcionada por la Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria (Xunta de Galicia) bajo el proyecto de investigación 2018GRCGI-1584 (ED431C2018/13), a la red MetalBIONetwork (ED431D2017/01) y al Ministerio de Ciencia e Innovación (Spain) bajo el proyecto de investigación PID2021-127531NB-I00 y RED2022-134091-T.

Referencias

- [1] SCHOLZ, M., HEY-HAWKINS, E. 2011. Carbaboranes as Pharmacophores: Properties, Synthesis, and Application Strategies. *Chem. Rev.* 111, 7035-7062.
- [2] ALI, F., HOSMANE, N. S., ZHU, Y. 2020. Boron Chemistry for Medical Applications. *Molecules* 25, 828-852.
- [3] CHEN, Y., DU, F., TANG, L., XU, J., ZHAO, Y., WU, X., LI, M., SHEN, J., WEN, Q., CHO, C.H., XIAO, Z. 2022. Carboranes as unique pharmacophores in antitumor medicinal chemistry. *Mol. Ther. Oncolytics* 24, 400-416.
- [4] YILMAZ, V. T., ICSEL, C., AYGUN, M., ERKISA, M., ULUKAYA, E. 2018. Pd(II) and Pt(II) saccharinate complexes of bis(diphenylphosphino) propane/butane: Synthesis, structure, antiproliferative activity and mechanism of action. *Eur. J. Med. Chem.* 158, 534-547.

¿Qué tienen en común la economía, los conejitos y una gota de agua?

FRANCISCO YÁÑEZ RODRÍGUEZ¹

¹*Grupo de Física No Lineal, Universidad de Santiago de Compostela*

francisco.yanez@rai.usc.gal

Palabras chave: econofísica, eistemas dinámicos, redes complejas.

Temas a tratar

En esta charla intentaré resumir el único artículo publicado [1] sobre el tema a tratar en mi tesis doctoral: el estudio de modelos económicos con técnicas propias de la física no lineal. Resumiré el artículo en dos conceptos clave descritos a continuación.

Modelos depredador-presa

Empezaré hablando de los modelos depredador presa conocidos como Lokta-Volterra, explicando cómo predicen desde la población de zorros y conejos en un ecosistema, hasta los ciclos económicos del salario y el empleo. También veremos como una modificación de este modelo añade nuevos comportamientos no explorados previamente [1, 2].

Redes complejas

Después, hablaré de cómo las predicciones de este modelo cambian en una red compleja, donde se reparten los recursos a estudiar (salario y empleo) siguiendo una ecuación de difusión, como la que sigue una gota de agua que se desparrama por una superficie [1, 3].

Referencias

- [1] RODRÍGUEZ, F. Y.; MUÑUZURI, A. P. 2023. A Goodwin Model Modification and Its Interactions in Complex Networks. *Entropy* 25, 894.
- [2] MURRAY, J. D. 1993. Mathematical Biology: I. An Introduction (Chapters 2–3), 3rd ed.; *Springer*: Berlin/Heidelberg, Germany.
- [3] ALBERT, R.; BARABÁSI, A.L. 2002. Statistical mechanics of complex networks. *Rev. Mod. Phys.* 74, 47-97.

CIENCIAS DA SAÚDE

Nanopartículas biolóxicas para a estabilización de enzimas terapéuticas

DANIEL ABELLA LÓPEZ¹, ADRIÁN LÓPEZ TEJEIRO¹, NATALIA BARREIRO PIÑEIRO¹,
GEMMA MARÍA EIBES GONZÁLEZ², JOSÉ MANUEL MARTÍNEZ COSTAS¹

¹*CiQUS-Centro Singular de Investigación en Química Biológica y Materiales Moleculares
Santiago de Compostela*

²*CRETUS- Centro Interdisciplinar de Investigación en Tecnoloxías Ambientais
Santiago de Compostela*

Daniel.abella@rai.usc.gal

Palabras chave: nanopartículas, enzimas, estabilización de proteínas.

A administración oral de fármacos segue sendo actualmente a vía preferida. Sen embargo, supón un importe desafío, especialmente en canto a administración de vacinas e medicamentos proteicos. Neste sentido, existe unha necesidade de buscar novos enfoques que melloren a administración oral de fármacos, especialmente no caso das proteínas terapéuticas.

Ante esta problemática, o noso traballo propón o uso do sistema IC-Tagging patentado polo noso laboratorio para desenvolver tratamentos orais baseados en proteínas terapéuticas, centrándonos especialmente nos enzimas. A metodoloxía IC-Tagging é unha plataforma biotecnolóxica de etiquetado molecular de proteínas. Este sistema permítenos a produción de micro ou nanoesferas (MS ou NS) cargadas con calqueira proteína de interese usando calqueira sistema de expresión. E o que é máis interesante, as proteínas encapsuladas nas MS ou NS manteñen o seu correcto pregamento e función, ao tempo que aumenta a súa estabilidade e protección fronte a axentes externos como a temperatura, compostos químicos, pH ou a degradación proteolítica.

Os resultados obtidos na nosa investigación, demostran a eficacia do sistema IC-Tagging para estabilizar proteínas terapéuticas de cara o seu uso como

tratamento oral. En particular, demostramos a capacidade desta metodoloxía para producir NS bacterianas cargadas cunha enzima terapéutica usada para tratar a fenilketonuria na súa forma activa e provida dunha enorme estabilidade fronte a temperatura, pH e dixestión proteolítica. Ademais, fomos quen de recubrir ditas NS con polímeros para aumentar a súa biodispoñibilidade e vida media en circulación (Figura 1).




Figura 1: Resumo da nosa proposta usando o sistema IC-Tagging. Figura de elaboración propia.

Perigos asociados ás carrachas: *Hyalomma marginatum* á espreita

INÊS ISABEL ABREU RAMOS^{1,2}, GÉNESIS BAUTISTA GARCÍA^{1,3}, PAULA MARIÑO FARO¹,
MIGUEL BAENA LASECA¹, PABLO ÓSCAR GONZÁLEZ PRIETO¹,
JOSÉ ÁNGEL HERNÁNDEZ MALAGÓN^{1,2}, CRISTIANA CAZAPAL-MONTEIRO^{1,2},
MARÍA SOL ARIAS VÁZQUEZ^{1,2}

¹*Grupo de Investigación COPAR (GI-2120; USC) - Departamento de Patoloxía Animal,
Facultade de Veterinaria. Universidade de Santiago de Compostela*

²*Rede Galega de Vixilancia Epidemiolóxica de Vectores*

³*Centro Nacional de Investigación Disciplinaria en Salud Animal e Inocuidad, Instituto Nacional de
Investigaciones Forestales, Agrícolas y Pecuarias. Jiutepec, Morelos (México)*

inesabreu.ramos@usc.gal

Palabras chave: carrachas, *Hyalomma marginatum*, patóxenos.

As carrachas son patóxenos que poden ter un dobre perigo: dun lado, o expolio de sangue coa que alimentarse e completar o seu ciclo; doutro, a vehiculación de patóxenos entre individuos da mesma especie ou doutras, que é a causa dalgúñas zoonoses cando prodúcese entre animais e persoas ou ó revés. Nos derradeiros tempos está a conquistar grande difusión a especie *Hyalomma marginatum*, de ampla distribución en Europa, África e Asia, porque está a estenderse cara a territorios setentrionais antes non considerados en risco, como é Galicia. Entre as causas deste comportamento barállanse o cambio climático (aumento da temperatura e a variación dos patróns de precipitación). Para coñecer mellor a súa presenza en Galicia, a Rede de Vixilancia Epidemiolóxica de Vectores de Galicia (ReGaViVec) deseñou un plan no que se integraron Centros de Saúde Pública e veterinarios clínicos. Do 2019 ó 2023 recibíronse no Laboratorio do Grupo COPAR (GI-2120; USC) 29 exemplares adultos de *H. marginatum*, que distribuíronse en 79,3% de persoas, 10,3% de cabalos salvaxes, 6,8% de gando e 3,6% en cans. En ningún dos casos os hospedadores saíran de Galicia. Inda que o clima tipicamente mediterráneo, con

mínimas precipitacións no verán (clima Csa) que atópase no sur da comunidade galega, podería parecer máis favorable para o establecemento de poboacións de *H. marginatum*, no ano 2023 albiscouse que esta carracha desprazouse cara ao norte, atopándose tres exemplares na montaña da provincia de Lugo (onde concorre un clima Csb ou mediterráneo de veráns frescos).

Agradecementos

Parcialmente financiado co o Convenio 2023-CP109 entre a Xunta de Galicia (Consellería de Sanidade e Consellería do Medio Rural, Xunta de Galicia, España) e a USC, mailo Proxecto FEADER ED431B 2021/07 (AGACAL; Consellería de Cultura, Educación e Universidades).

Firma transcripcional predictiva de cuatro metaloproteasas de matriz a la respuesta a la terapia anti-TNF en pacientes con colitis ulcerosa

LAURA AROSA¹, MIGUEL CAMBA-GÓMEZ¹, ROCÍO FERREIRO-IGLESIAS², IRIA BASTÓN-REY²,
CRISTINA CALVIÑO-SUÁREZ², MARISOL PORTO², LAURA NIETO², J. ENRIQUE DOMÍNGUEZ-MUÑOZ²,
MANUEL BARREIRO-DE ACOSTA² AND JAVIER CONDE-ARANDA¹

¹*Grupo de Gastroenterología Molecular y Celular, Instituto de Investigación Sanitaria de Santiago de Compostela (IDIS). Santiago de Compostela*

²*Departamento de Gastroenterología y Hepatología, Hospital Universitario de Santiago de Compostela (CHUS)*

laura.arosa@rai.usc.gal

Palabras clave: colitis ulcerosa, biomarcadores, metaloproteasa.

Actualmente la enfermedad inflamatoria intestinal (EII), que incluye la colitis ulcerosa (CU), es tratada con terapias biológicas, como los anti-TNF o el vedolizumab, que están diseñadas para controlar vías principales implicadas en la activación e infiltración desmesurada de células inmunitarias. Debido a que todavía no se ha implementado en la práctica clínica ningún biomarcador específico a la terapia anti-TNF y a la relevancia de las metaloproteinasas (MMPs) en el desarrollo de la inflamación intestinal, realizamos un análisis exhaustivo de esta familia de proteasas con el fin de encontrar marcadores transcripcionales capaces de predecir la respuesta a dicho tratamiento. Analizamos la expresión de todos los transcritos relacionados con las MMPs, obtenidos de la base de datos Gene Set Enrichment Analysis en conjuntos de datos de microarrays y RNAseq de dominio público que contienen muestras de colon y sangre de pacientes con CU. Para completar el estudio, evaluamos mediante RT-qPCR la expresión de MMPs específicas en células mononucleares de sangre periférica (PBMC) y células polimorfonucleares (PMN) de nuestra propia cohorte de pacientes con CU. Las curvas ROC de una combina-

ción de cuatro MMPs discriminó eficazmente a los pacientes que no respondieron a terapia anti-TNF (ROC AUC 84%) pero no diferenció la respuesta al vedolizumab (ROC AUC 63%), lo que indica que esta firma predictiva colónica de cuatro genes es específica para el tratamiento anti-TNF. En general, este estudio revela una firma de biomarcadores específicos capaces de discriminar a los pacientes con CU que con mayor probabilidad fracasarán en la terapia anti-TNF.

Evaluación dos efectos de ciguatoxinas no sistema nervioso central de ratas

MARTIÑO BARREIRO¹, IGNACIO CORREA¹, LILIAN FARO¹

¹*Departamento de Bioloxía Funcional e Ciencias da Saúde. Universidade de Vigo*
martinobarreiro@gmail.com

Palabras chave: ciguatoxinas, C-CTX-1, dopamina.

A ciguatera é unha intoxicación alimentaria producida por inxerir pescado contaminado con ciguatoxinas (CTXs). A ciguatera é común en rexións tropicais pero, como consecuencia do quecemento global, os dinoflaxelados produtores das CTXs están poboando novas áreas, aumentando así o risco para a seguridade alimentaria. Os síntomas xerados pola ciguatera están relacionados co mecanismo molecular de acción da CTX que é a súa acción sobre os canais de sodio do sistema nervioso central (SNC).

Avaliar os efectos da administración de diferentes doses da CTX de tipo C-CTX-1 sobre a actividade da enzima acetilcolinesterase (AChE) no SNC e sobre a liberación de dopamina no núcleo estriado de rata.

A administración de C-CTX-1 (0,15; 0,7; 1,5 ng/kg) fíxose por vía sistémica (intraperitoneal) en ratas femias da raza Sprague-Dawley (n=5/6grupo). A recollida de mostras fíxose a través da técnica de microdialísis cerebral en animais conscientes e en libre movemento. A cuantificación dos niveis de dopamina fíxose por HPLC-DE. Para avaliar os efectos da C-CTX-1 sobre a actividade da AChE utilizouse un kit comercial de Sigma-Aldrich.

A administración de C-CTX-1 produciu diminucións dos niveis de dopamina do 28,3%, 40,3% e 57,8% para as doses de 0,15, 0,7 e 1,5 ng/kg, respectivamente. As 3 doses de C-CTX-1 (0,15; 0,7; 1,5 ng/kg) dimuíron nun 46%, 47% e 44% a actividade da AChE na corteza cerebral respecto ao grupo control. No estriado a diminución da actividade da AChE non foi significativa.

Os datos obtidos suxiren que C-CTX-1 afecta á liberación de dopamina e produce estrés tóxico.

Efectos da lactancia prolongada sobre ANGPTL4 e a súa relación con FGF21

MIGUEL BASCOY^{1,3}, RAQUEL PÉREZ^{1,3}, VERÓNICA PEÑA¹, SILVIA BARJA¹, MARÍA VILLALÓN^{1,3},
DIEGO MUÑOZ-MORENO^{3,4}, EVA PRIDA^{3,4}, OMAR AL-MASSADI^{3,4}, MAR QUIÑONES^{3,4},
RUBÉN NOGUEIRAS^{2,3}, LUISA MARÍA SEOANE^{1,3}

¹ *Grupo Fisiopatología Endocrina, IDIS. Santiago de Compostela*

² *CIMUS, Universidade de Santiago de Compostela. Santiago de Compostela*

³ *CIBEROBN-Fisiopatología de la Obesidad y Nutrición*

⁴ *Translational Endocrinology Group, IDIS- Santiago de Compostela*

miguel.bascoy@rai.usc.gal

Palabras chave: lactancia, obesidade, ANGPTL4.

Introdución

A obesidade é unha enfermidade multifactorial dependente de factores xenéticos, epixenéticos e ambientais. Investigacións previas do grupo demostraron mediante un modelo murino que a lactancia prolongada supón un factor protector contra a obesidade inducida por dieta ó aumentar os niveis da proteína FGF21 en fígado. Este incremento de FGF21 alcanza o hipotálamo lateral favorecendo a termoxénese no tecido adiposo pardo.

Obxectivo

Analizar se existen outras proteínas modificadas no modelo de lactancia prolongada e estudar se teñen relación con FGF21.

Resultados

Tanto a expresión como os niveis proteicos de ANGPTL4 están modificados en fígado, diminuindo coa lactancia prolongada, ó contrario que FGF21.

A nivel de sistema nervioso central, ANGPTL4 aumenta coa lactancia prolongada, igual que FGF21. Ademais, o silenciamento de FGF21 en fígado provoca a diminución de ANGPTL4 en hipotálamo lateral. Do mesmo xeito, a inxección de FGF21 intracerebrovascular aumenta os niveis de ANGPTL4 en hipotálamo lateral.

Conclusión

A proteína ANGPTL4 podería estar relacionada cos efectos beneficiosos da lactancia prolongada xa que parece verse modificada no hipotálamo lateral polos niveis de FGF21.

Impacto de la COVID-19 en el consumo de drogas y psicofármacos mediante análisis de muestras de saliva de conductores

MIRIAM BLANCO CES¹, ELENA LENDOIRO¹, MARÍA COBO GOLPE¹, ANGELINES CRUZ¹,
ÁNGELA LÓPEZ RABUÑAL¹, MANUEL LÓPEZ-RIVADULLA LAMAS¹, ANA DE CASTRO RÍOS¹

¹*Servicio de Toxicología, Instituto de Ciencias Forenses Luis Concheiro,
Universidad de Santiago de Compostela*

miriamblanco.ces@usc.gal

Palabras clave: drogas de abuso, NPS, COVID-19.

La pandemia de COVID-19 ha tenido un gran impacto en la movilidad e interacción de la población, lo que también se ha reflejado en la disponibilidad y el consumo de drogas. El objetivo de este trabajo es estudiar el impacto de la pandemia de COVID-19 en el consumo de drogas y psicofármacos. Se evaluará la tendencia en el consumo de drogas de abuso, incluyendo las llamadas nuevas sustancias psicoactivas (NPS), y psicofármacos, en la población española previo al desarrollo de la pandemia COVID-19, durante las distintas fases de restricción de movilidad, y tras la eliminación completa de las restricciones, estudiando el perfil del consumidor (edad y sexo) y el patrón de consumo en las distintas fases. Para ello, se analizarán muestras de fluido oral (FO) de conductores llegadas al laboratorio de Toxicología para la confirmación de los resultados obtenidos en los controles de carretera antes de la pandemia (año 2019), en los distintos periodos de restricciones a la movilidad impuestas en 2020, así como tras la desaparición de las restricciones (2021 y 2022), y su evolución en el año siguiente (2023). Además, durante 2023 se realizaron encuestas para conocer el consumo de sustancias en la población general, en las que se recogieron variables sociodemográficas, uso de sustancias legales e ilegales, de NPS y de psicofármacos. Los resultados de estas se compararán con los obtenidos tras el análisis de las muestras de FO recibidas durante 2023 para verificar si los

resultados suministrados mediante el análisis de las muestras de conductores son un reflejo de lo que ocurre en la población general.

Agradecimientos

El proyecto ha sido seleccionado en la convocatoria de ayudas del Plan Nacional sobre Drogas (año 2022) para su subvención (EXP2022/008675).

Explorando a estimación da idade legal mediante a metilación do ADN

MIGUEL BOULLÓN CASSAU¹, ADRIÁN AMBROA CONDE¹, ANA MOSQUERA MIGUEL¹,
JORGE RUIZ RAMÍREZ¹, AMAIA CABREJAS OLALLA¹, JAVIER GONZÁLEZ BAO¹,
LUCÍA CASANOVA ADÁN¹, MARÍA DE LA PUENTE¹, AMELIA RODRÍGUEZ LÓPEZ¹,
CHRISTOPHER PHILLIPS^{1,2}, MARÍA VICTORIA LAREU¹, ANA FREIRE ARADAS¹

¹*Unidade de Xenética Forense, Instituto de Ciencias Forenses
Universidade de Santiago de Compostela*

²*King's Forensics, Faculty of Life Sciences and Medicine, King's College, London (UK)*
miguel.boullon@rai.usc.gal

Palabras chave: metilación ADN, estimación da idade, idade legal.

Europa atopase ante un desafío á hora de tratar con menores non acompañados que chegan á fronteira. Moitos deles non teñen forma de demostrar a súa idade legal polo que son sometidos a procedementos médicos para determinar se están amparados pola Convención dos Dereitos do Neno [1]. Os procedementos médicos actuais consisten en análises de raios-X, os cales poden ser prexudiciais para a saúde. Por iso, unha alternativa que se propuxo foi usar a metilación do ADN para predicir a idade legal.

Desde que se descubriu que a metilación do ADN permite inferir a idade dun individuo, empezáronse a crear modelos de predición da idade, chamados reloxo epixenéticos, baseados en dita metilación [2-4].

La ablación de Pyk2 en las neuronas POMC disminuyó el peso corporal y la adiposidad, pero también mejoró la tolerancia a la glucosa y el metabolismo hepático en ratones hembra alimentados con dieta alta en grasa, pero no en machos. Por otra parte, la inhibición de Pyk2 en neuronas AGRP produce un aumento del peso corporal en ratones macho alimentados con dieta estándar y empeora la homeostasis de la glucosa y la resistencia a la insulina tanto en estos ratones delgados como en ratones alimentados con dieta alta en grasa.

Conclusiones

Proporcionamos la primera evidencia que determina el papel clave de Pyk2 en las neuronas hipotalámicas en la regulación del equilibrio energético.

Estado da arte dos biomarcadores farmacodinámicos en psiquiatría: revisión sistemática

SHEILA RECAREY-RAMA^{1,2}, ALMUDENA GIL-RODRÍGUEZ^{1,2}, ÁNGEL CARRACEDO^{1,3},
OLALLA MAROÑAS^{1,2,3}

¹ *Grupo de Medicina Xenómica, Centro de Investigación de Medicina Molecular e Enfermedades Crónicas (CiMUS). Universidade de Santiago de Compostela*

² *Grupo de Farmacoxenómica e Descubrimiento de Medicamentos (GenDeM), Instituto de Investigación Sanitaria e Santiago de Compostela (IDIS)*

³ *Fundación Pública Galega de Medicina Xenómica (FPGMX), Hospital Clínico Universitario, Santiago de Compostela*

sheila.recarey.rama@usc.gal

Palabras chave: farmacodinámica, farmacoxenética, psiquiatría.

A Axencia Europea do Medicamento (European Medicines Agency, EMA) define a farmacoxenética como o estudo da relación existente entre as variacións que se producen na secuencia do ADN e a resposta aos fármacos [1]. Deste xeito, a farmacoxenética estuda a variabilidade xenética individual coa finalidade de establecer a dose correcta dun fármaco para cada persoa e reducir, así, os posibles efectos adversos derivados da toma do mesmo [2].

As enfermidades psiquiátricas afectan a unha de cada oito persoas a nivel mundial segundo a Organización Mundial da Saúde (OMS) [3]. Este feito, sumado á gran heteroxeneidade que existe entre as historias clínicas dos pacientes e a variabilidade no seu pronóstico, fan da psiquiatría un campo de especial atractivo de aplicación para a farmacoxenética.

Dentro deste ámbito, os biomarcadores farmacocinéticos están moi explorados e un número nada desprezable deles xa acumulan numerosas evidencias para dispoñer de recomendacións concretas por parte das axencias reguladoras [4]. Pola contra, os xenes de farmacodinámica non acumularon as mesmas evidencias e atópanse, polo momento, en fase de investigación [5].

Neste póster móstranse os resultados dunha revisión sistemática elaborada coa fin de afondar no coñecemento dos biomarcadores farmacodinámicos coñecidos en poboación europea e a avaliar a súa posible aplicabilidade na translación á práctica clínica no canto das enfermidades psiquiátricas.

Referencias

- [1] European Medicines Agency. 2007. Definitions for genomic biomarkers, pharmacogenomics, pharmacogenetics, genomic data and sample coding categories [Internet]. Disponible en: <https://www.ema.europa.eu/en/ich-e15-definitions-genomic-biomarkers-pharmacogenomics-pharmacogenetics-genomic-data-sample-coding-categories-scientific-guideline>
- [2] ELEWA, H., AWAISU, A. 2019. Pharmacogenomics In Pharmacy Practice: Current Perspectives. Integrated Pharmacy Research and Practice. 8, 97-104.
- [3] Organización Mundial da Saúde (OMS). 2023. Trastornos mentales [Internet]. Disponible en: <https://www.who.int/es/news-room/fact-sheets/detail/mental-disorders>
- [4] Food and Drug Administration (FDA). 2023. Table of Pharmacogenomic Biomarkers in Drug Labeling [Internet]. Disponible en: <https://www.fda.gov/drugs/science-and-research-drugs/table-pharmacogenomic-biomarkers-drug-labeling>
- [5] ARRANZ, M., SALAZAR, J., HERNÁNDEZ, M. 2021. Pharmacogenetics of antipsychotics: Clinical utility and implementation. Behavioural Brain Research. 401, 113058.

A potenciación da fosforilación do factor eIF2 α protexe as células endoteliais tras a exposición a agregados β -amiloides

MARIÑA RODRÍGUEZ-ARRIZABALAGA¹, MÓNICA CASTRO-MOSQUERA¹, ALBERTO OURO^{1,2},
TOMÁS SOBRINO^{1,2*}, DANIEL ROMAUS-SANJURJO^{1,2*}

¹ *NeuroAging Group (NEURAL), Clinical Neurosciences Research Laboratory (LINC), Health Research Institute of Santiago de Compostela (IDIS), Santiago de Compostela*

² *Centro de Investigación Biomédica en Red en Enfermedades Neurodegenerativas (CIBERNED), Instituto de Salud Carlos III, 28029 Madrid*

**Contribúen de igual maneira*
marina.rodriguez.arrizabalaga@sergas.es

Palabras chave: beta amiloide, endotelio, estrés celular.

Introdución

Os agregados amiloides provocan a fosforilación de eIF2 α e o bloqueo da tradución global de ARN mensaxeiros. Certos ARNm de factores de transcripción relacionados coa resposta celular ao estrés incrementan a súa tradución (ATF4 e as proteínas diana CHOP, GADD34 e BiP [1]).

Obxectivos

Avaliar se a potenciación da fosforilación de eIF2 α protexe ás células endoteliais expostas a A β 1-42 e 1-40.

Resultados

Viabilidade celular

Altas concentracións do fármaco B (reforza a fosforilación de eIF2 α) conducen á diminución da viabilidade celular e baixas concentracións (0,1 μ M), conducen a un aumento (Figura 1).

Expresión xénica

Co tratamento con 0,1 μM do fármaco B observamos que a expresión de ATF4 diminúe no control positivo fronte ao grupo control negativo e ao tratado tras a exposición a A β 1-42 e o efecto oposto tras 1-40 (Figura 2A, B).

Os niveis de expresión xénica para CHOP e GADD34 son case iguais aos grupos control negativo e tratado (Figura 2C, E) co A β 1-42 pero con 1-40 o control positivo mostra maiores niveis de expresión (Figura 2D, F). Par BiP observamos unha diminución no control negativo respecto ao control positivo tras A β 1-42 (Figura 2G).

Conclusión

A potenciación da fosforilación de eIF2 α mediante o composto B é beneficiosa en células endoteliais expostas a agregados amiloides.




Figura 1: Viabilidade do cultivo celular endotelial exposto a agregados amiloides e ao fármaco B.




Figura 2: Cambios nos niveis de expresión xénica en cultivo celular endotelial exposto Aβ 1-42 ou 1-40 e tratadas co fármaco B.

Agradecemetos

Ao Laboratorio de Neurociencias Clínicas, en especial ao grupo de investigación NEURAL e ao Instituto de Investigación Sanitaria de Santiago de Compostela por ofrecermes a oportunidade de realizar a miña tese de doutoramento. Ao meus titores Tomás Sobrino e Daniel Romaus e aos meus pais Julio e Antxone por o seu incondicional apoio.

Referencias

- [1] HAN, J., BACK, S. H., HUR, J., LIN, Y. H., GILDERSLEEVE, R., SHAN, J., YUAN, C. L., KROKOWSKI, D., WANG, S., HATZOGLU, M., KILBERG, M. S., SARTOR, M. A., & KAUFMAN, R. J. 2013. ER-stress-induced transcriptional regulation increases protein synthesis leading to cell death. *Nature cell biology* 15(5), 481-490.

Modulación de la vía NEDD8-cullin-ubiquitina por sumo

BEATRIZ RODRÍGUEZ-LEMUS^{1,2}, ROCÍO M. TOLOSA^{1,2}, MARÍA BLANQUER^{1,2},
EVA PÉREZ-GÓMEZ^{1,2}, MONTSERRAT PÉREZ-PÉREZ^{1,2}, CARMEN RIVAS^{1,2,3}

¹ *Centro Singular de Investigación en Medicina Molecular y Enfermedades Crónicas (CIMUS)*
Universidad de Santiago de Compostela

² *Instituto de Investigación Sanitaria de Santiago de Compostela (IDIS), Santiago de Compostela*

³ *Centro Nacional de Biotecnología (CNB-CSIC), Madrid*

beatriz.rodriquez.lemus@rai.usc.gal

Palabras chave: SUMO, NEDD8, cáncer.

Las proteínas tipo ubiquitina como SUMO se conjugan a sus sustratos a través de un proceso enzimático reversible y altamente dinámico. Esta modificación post-traducciona es clave para la regulación de numerosas proteínas y juega un papel crítico en actividades esenciales de la célula, como la respuesta celular a distintos tipos de estrés, entre los que se encuentran la infección viral o el daño en el ADN. Resultados previos del laboratorio indican que algunos de los sustratos de SUMO son componentes de las vías de degradación de proteínas como son las proteínas NEDD8 o las culinas. Una alteración en la activación de las culinas está ligada a numerosas enfermedades incluida el cáncer. Qué estímulos regulan la interacción de SUMO con NEDD8 o las culinas, cuál es el impacto de esta interacción sobre la homeostasis de proteínas importantes en cáncer y su impacto en el desarrollo de cáncer se desconocen. En este trabajo se planea abordar estos objetivos, para así poder identificar dianas de actuación frente a dichas enfermedades.

Evaluación del patrón lipídico interferencial como criterio de corte entre diferentes tipos de pacientes con ojo seco

BELÉN SABUCEDO VILLAMARÍN¹, ALBA CASTRO-GIRALDEZ¹, NOELIA NORES-PALMAS¹,
VERÓNICA NOYA-PADIN^{1,2}, HUGO PENA-VERDEAL^{1,2}, JACOBO GARCÍA-QUEIRUGA^{1,2}

¹ *Departamento de Física Aplicada (Área de Optometría), Universidad de Santiago de Compostela*

² *Instituto de Investigación Sanitaria (IDIS), Santiago de Compostela*

belen.sabucedo@rai.usc.es

Palabras clave: enfermedad de ojo seco (EOS), interferometría, patrón lipídico interferencial.

Objetivo

Evaluar el potencial diagnóstico del Patrón Lipídico Inferencial (PLI) para diferenciar entre pacientes con Ojo Seco por Deficiencia Acuosa (OSDA) y Ojo seco Evaporativo (OSE), y entre pacientes con OSE y Ojo Seco Mixto (OSM).

Metodología

En este estudio se incluyeron 240 pacientes con Enfermedad de Ojo Seco (EOS) clasificados en tres subtipos según su Altura de Menisco Lagrimal (AML) y Área de Pérdida de Glándulas de Meibomio (APGM): OSDA (91 pacientes, $AML \leq 0.16\text{mm}$ y $APGM < 50\%$), OSE (103 pacientes, $AML > 0.16\text{ mm}$ y $APGM \geq 50\%$), y OSM (46 pacientes, $AML \leq 0.16\text{ mm}$ y $APGM \geq 50\%$). Se obtuvo el PLI empleando el interferómetro Tearscope© y se evaluó siguiendo las escalas de: Guillon (PLI-G) y Características de Color (PLI-C). Los análisis estadísticos con SPSS v.25 establecieron los valores de corte de ambas escalas a través del análisis ROC para diferenciar entre los subtipos de EOS.

Resultados

El PLI-G y el PLI-C no mostraron potencial diagnóstico para diferenciar entre OSDA y OSE, obteniéndose un $AUC = 0.515 \pm 0.42$, $p = 0.724$, 95% IC = 0.433-0.597) y $AUC = 0.509 \pm 0.042$ ($p = 0.832$, 95% IC = 0.427-0.591), respectivamente (Figura 1).

Pero sí poseen potencial diagnóstico para diferenciar entre OSE y OSM, obteniéndose $AUC=0.604\pm0.049$ ($p=0.043$, 95% IC=0.508-0.700) y $AUC=0.604\pm0.051$ ($p=0.038$, 95% IC=0.504-0.704), respectivamente (Figura 2). Para discriminar entre participantes con OSE y OSM se establecieron valores de corte Marmóreo Cerrado (sensibilidad: 40,8%; especificidad: 76,1%) en PLI-G, y Gris-Blanco (sensibilidad: 44,7%; especificidad: 73,9%) en PLI-C.

Conclusión

La evaluación del PLI puede diferenciar entre pacientes con OSE y OSM, obteniéndose valores de corte de Marmóreo Cerrado en PLI-G y Gris-Blanco en PLI-C.




Figura 1: Curva ROC entre la sensibilidad y la especificidad del PLI para distinguir entre OSDA y OSM. El valor de corte óptimo fue elegido como el punto de inflexión de la curva. PLI = Patrón Lipídico Interferencial. ROC = Característica Operativa del Receptor; OSDA = Ojo Seco por Deficiencia Acuosa; OSE = Ojo Seco Evaporativo.




Figura 2: Curva ROC entre la sensibilidad y la especificidad del PLI para distinguir entre OSE y OSM. El valor de corte óptimo fue elegido como el punto de inflexión de la curva. PLI = Patrón Lipídico Interferencial. ROC = Característica Operativa del Receptor; OSE = Ojo Seco Evaporativo; OSM = Ojo Seco Mixto.

Consumo de tabaco y exposición a radón en el riesgo de cáncer de pulmón en mujeres: un estudio *pooling*

CRISTINA CANDAL PEDREIRA¹, ALBERTO RUANO RAVIÑA¹, ALBERTO FERNÁNDEZ VILLAR²,
ELIANA TORRES CADAVID¹, GUADALUPE GARCÍA¹, CARLA GUERRA TORT¹,
ANA TEJEIRO TEJEIRA¹, JULIA REY BRANDARIZ¹, MÓNICA PÉREZ RÍOS¹

¹ *Departamento de Medicina Preventiva. Universidade de Santiago de Compostela*

² *Hospital Álvaro Cunqueiro. Vigo*

elianatorres.cadavid@usc.gal

Palabras chave: cáncerPulmón, consumo tabaco, radón.

Introducción

El cáncer de pulmón es un importante problema de salud. La incidencia y mortalidad en mujeres ha aumentado en los últimos años. El objetivo es analizar el papel de la interacción entre el consumo de tabaco y la exposición a radón en el riesgo de cáncer de pulmón en las mujeres

Métodos

Estudio pooling de 4 estudios de casos y controles realizados en España entre 1992 y 2020. Se midió radón en el hogar y se obtuvo una muestra de sangre. Se realizó un análisis descriptivo y se ajustó un modelo de regresión logística, con la condición de caso/control como variable dependiente y la interacción consumo de tabaco-exposición a radón como variable independiente.

Resultados

Se analizaron datos de 2.306 mujeres. Se observa un aumento del riesgo de cáncer de pulmón a medida que aumenta la exposición a radón para todas las categorías

de consumo de tabaco, especialmente para las grandes fumadoras. En comparación con las nunca fumadoras expuestas a <100 bq/m³, las nunca fumadoras expuestas a mayor concentración de radón presentan dos veces más riesgo.

Conclusiones

El riesgo de cáncer de pulmón en las mujeres podría aumentar si están expuestas a concentraciones de radón >100 bq/m³, especialmente en fumadoras, pero también en nunca fumadoras.

Tabla 1. Regresión logística: riesgo de cáncer de pulmón y exposición a radón y su interacción con el consumo de tabaco.

	Concentración de radón								
	£100 bq/m ³			101-300 bq/m ³			>300 bq/m ³		
	Casos	Controles	OR (IC95%)	Casos	Controles	OR (IC95%)	Casos	Controles	OR (IC95%)
Todos*	464	671	1	450	394	1,73 (1,42-2,10)	159	168	1,62 (1,23-2,11)
Nunca fumadoras**	33	252	1	52	140	2,73 (1,67-4,47)	19	72	2,1 (1,11-3,97)
Exfumadoras**	247	275	6,88 (4,57-10,34)	215	173	9,5 (6,24-14,48)	93	68	10,59 (6,50-17,25)
Fumadoras ligeras y moderadas**	92	110	8,59 (5,36-13,77)	103	67	16,03 (9,80-26,2)	28	27	11,13 (5,75-21,53)
Grandes fumadoras**	92	34	21,57 (12,51-37,19)	80	14	49,95 (25,20-98,99)	19	1	147,77 (18,89-1155,56)

* Ajustado por edad y consumo de tabaco.

**Ajustado por edad.

Oligomerización de receptores serotoninérgicos y dopaminérgicos: efecto de fármacos antipsicóticos en modelo in vitro de esquizofrenia

LESLEYE PAOLA VALAREZO¹, JOSÉ MANUEL BREA^{1,2}

¹ *Grupo Biofarma, Centro Singular de investigación de Medicina Molecular y Enfermedades Crónicas (CIMUS). Universidad de Santiago de Compostela*

² *Departamento de Farmacología, Farmacia y Tecnología Farmacéutica
Universidad de Santiago de Compostela*

leslyepaola.valarezo@rai.usc.gal

Palabras clave: esquizofrenia, crosstalk.

La esquizofrenia es un trastorno mental complejo, severo y discapacitante, con síntomas muy heterogéneos que varía notablemente de un individuo a otro, sus síntomas incluyen delirios, alucinaciones (síntomas positivos), pérdida de motivación, anhedonia (síntomas negativos), problemas de atención y concentración (síntomas cognitivos) [1]. La gran parte de su etiopatogenia sigue siendo desconocida por los múltiples mecanismos moleculares que intervienen en su aparición, pero se ha evidenciado que existe una desregulación de neurotransmisores en la que están implicadas varias dianas farmacológicas. Varios estudios de las enfermedades neurológicas han descrito como dianas a distintos receptores de membrana acoplados a proteínas G (GPCRs), siendo los receptores de dopamina D₂ y de serotonina 5-HT_{2A} los que tienen mayor relevancia, al constituir las principales dianas de los antipsicóticos típicos y atípicos empleados en la clínica de la esquizofrenia [2]. Estos receptores pueden actuar como dímeros dando lugar a una señalización diferente a la de sus formas monoméricas y a la posibilidad de una señalización cruzada entre ambos receptores. Por lo tanto, conocer la señalización intracelular de cada uno de ellos y la posible interrelación entre las distintas vías de señalización y el punto en el que se produce el crosstalk en la cascada celular en un modelo fenotípico in vitro

de esquizofrenia, permitirá ampliar el conocimiento de estos receptores implicados en la esquizofrenia y mejorar el diseño de futuros fármacos antipsicóticos [3].

Referencias

- [1] SAIZ RUIZ, J., VEGA SÁNCHEZ, D. C., & SÁNCHEZ PÁEZ, P. 2010. Bases neurobiológicas de la Esquizofrenia. *Clínica y salud* 21(3), 235-254.
- [2] BUTINI, S., NIKOLIC, K., KASSEL, S., BRÜCKMANN, H., FILIPIC, S., AGBABA, D., GEMMA, S., BROGI, S., BRINDISI, M., CAMPANI, G., & STARK, H. 2016. Polypharmacology of dopamine receptor ligands. *Progress in neurobiology* 142, 68-103.
- [3] WANG, S., CHE, T., LEVIT, A., SHOICHET, B. K., WACKER, D., & ROTH, B. L. 2018). Structure of the D2 dopamine receptor bound to the atypical antipsychotic drug risperidone. *Nature* 555(7695), 269-273.

Impacto de la inhibición de ATG7 en tanicitos sobre el metabolismo y la conducta en un modelo murino

PAOLA VALERO¹, VIOLETA HERAS¹, SARA MARTÍNEZ¹, CRISTINA IGLESIAS¹, NATALIA DA SILVA¹,
JOSE IGLESIAS¹, OLGA BARCA¹, RUBÉN NOGUEIRAS¹

¹ *Departamento de Fisiología, CIMUS, Universidade de Santiago de Compostela-Instituto de Investigación Sanitaria. Santiago de Compostela*

paola.valero@usc.gal

Palabras chave: Atg7, tanicitos, TAT-Cre.

Este estudio investiga los efectos metabólicos y conductuales de la inhibición dirigida de la proteína Atg7 en tanicitos, mediante la administración estereotáxica de la proteína de recombinación TAT-Cre en el tercer ventrículo de ratones ATg7-flox machos y hembras, con edades de 6 y 12 meses, estos animales se sometieron a una dieta estándar, para asegurar la consistencia en las condiciones nutricionales a lo largo del experimento. Atg7 es una proteína crucial involucrada en la autofagia, un proceso celular esencial para la degradación y reciclaje de componentes celulares. Los tanicitos, son células endodimogliales ubicadas en la pared del tercer ventrículo cerebral, y juegan un papel importante en la regulación metabólica y la homeostasis energética, mediando la comunicación entre el sistema nervioso central y el endocrino.

El objetivo del estudio es determinar si la supresión específica de Atg7 en tanicitos afecta al metabolismo energético y la composición corporal del animal, además de a las funciones conductuales.

Los resultados preliminares sugieren modificaciones en los parámetros metabólicos y conductuales, subrayando la importancia de Atg7 y los tanicitos en la regulación metabólica y el funcionamiento neurológico.

Terapia de fotobiomodulación en el manejo de la mucositis oral en pacientes oncológicos de cabeza y cuello

GISELA CRISTINA VIANNA-CAMOLESI^{1,2}, ALBA PÉREZ-JARDÓN^{1,2}, FÁBIO FRANÇA VIEIRA E SILVA^{1,2},
PILAR GÁNDARA-VILA^{1,2}, MARIO PÉREZ-SAYANS^{1,2,3}

¹ *Unidad de Medicina Oral, Cirugía Oral E Implantología (MedOralRes), Facultad de Medicina Y Odontología. Universidade de Santiago de Compostela*

² *Instituto de Investigación Sanitaria de Santiago de Compostela (FIDIS)
Santiago de Compostela*

³ *Instituto de Materiales de Santiago de Compostela (iMATUS). Santiago de Compostela*
giselacristina.vianna@rai.usc.gal

Palabras clave: terapia de fotobiomodulación, mucositis oral, cáncer de cabeza y cuello.

Introducción

La proyección del número de nuevos casos de cáncer de cabeza y cuello hasta 2050 es de un aumento del 61,6%. Su tratamiento (radioterapia y quimioterapia), conlleva diversos efectos adversos. El más preocupante, la mucositis oral (MO), afecta al bienestar del paciente y a veces se hacen necesarias interrupciones en el tratamiento. Aunque no existe un tratamiento definitivo para la MO, se ha demostrado que la terapia de fotobiomodulación (FBM) es capaz de mitigarla.

Objetivo

Evaluar el efecto de la FBM en la prevención y tratamiento de la MO.

Material y Métodos

Se realizó un ensayo clínico aleatorizado en el que se reclutaron 53 pacientes, y se evaluó la MO durante todo el período del tratamiento, utilizando la escala de la Organización Mundial de la Salud.

Resultados

Se observó que el grupo de FBM mostró una progresión más lenta de la MO (Figura 1) y con un riesgo significativamente menor de desarrollarla en comparación con el grupo de control, presentando un Odds ratio 12.800 (IC95% 3.042 – 53.860; $p = 0.001$), en la primera semana de tratamiento.




Figura 1: La gráfica expone la variación en la evaluación de la OM a lo largo del tiempo. Periodo de pretratamiento, de tratamiento y de seguimiento.

Conclusión

Estos hallazgos respaldan la inclusión de la FBM en las directrices para la gestión de los efectos secundarios del tratamiento oncológico en la cavidad oral.

Agradecimientos

Los autores desean expresar su agradecimiento a la Unidad de Oncología Radioterápica del Hospital Clínico Universitario de Santiago (CHUS) por toda su asistencia, y a todos los pacientes que aceptaron participar en el estudio y sus familiares, vuestra participación fue fundamental para juntos poder contribuir a la ciencia.

CIENCIAS SOCIAIS E JURÍDICAS

Competencias financieras de las personas gestoras de pequeñas empresas en España: relación con las restricciones financieras de sus negocios

MARCOS ÁLVAREZ ESPIÑO¹

¹ *Departamento de Economía Financiera y Contabilidad. Universidade de Santiago de Compostela*
marcos.alvarez.espino@usc.gal

Palabras clave: restricciones financieras, competencias financieras, pequeñas empresas.

La viabilidad a largo plazo de las pequeñas empresas –definidas como aquellas con menos de 50 personas empleadas– es fundamental para cualquier sistema económico, debido a su capacidad para generar puestos de trabajo [1]. Sin embargo, las pequeñas empresas a menudo luchan por sobrevivir, debido al limitado acceso a la financiación externa en comparación a las medianas y grandes empresas [2].

En este contexto, las competencias gestoras de las personas empresarias son esenciales para tomar buenas decisiones financieras, transmitiendo confianza a los proveedores de fondos [3]. En todo caso, como se desprende de dos revisiones [4-5], apenas existen estudios que hayan relacionado las restricciones financieras en las pequeñas empresas con las competencias de gestión de sus propietarios, particularmente teniendo en cuenta el tamaño de esos pequeños negocios.

Esta comunicación pretende relacionar las competencias financieras para el desarrollo de prácticas de gestión saludables, que presentan los propietarios, con las restricciones financieras que padecen sus pequeños negocios, teniendo en cuenta su tamaño.

Los resultados empíricos ilustran cómo los trabajadores autónomos que desarrollan planes financieros sufren menos dificultades para acceder a préstamos, pero perciben más dificultades en cuanto al nivel de efectivo y fondos propios. En cambio, el diseño de estrategias generaría efectos positivos y significativos tanto para las restricciones objetivas como para las subjetivas. En general, estas relaciones significativas desaparecen al considerar pequeñas empresas más grandes.

Referencias

- [1] ADOMAKO, S., DANSO, A., OFORI DAMOAH, J. 2016. The moderating influence of financial literacy on the relationship between access to finance and firm growth in Ghana. *Venture Capital* 18(1), 43-61.
- [2] BANKOWSKA, K., FERRANDO, A., GARCÍA, J. A. 2020. Access to finance for small and medium-sized enterprises since the financial crisis: evidence from survey data. *ECB Economic Bulletin* 4, 104-125.
- [3] DREXLER, A., FISCHER, G., SCHOAR, A. 2014. Keeping it simple: Financial literacy and rules of thumb. *American Economic Journal: Applied Economics* 6(2), 1-31.
- [4] GRAÑA-ÁLVAREZ, R., LÓPEZ-VALEIRAS, E., GONZÁLEZ-LOUREIRO, M., CORONADO, F. 2024. Financial literacy in SMEs: A systematic literature review and a framework for further inquiry. *Journal of Small Business Management* 62(1), 1-50.
- [5] MOLINA-GARCÍA, A., DIÉGUEZ-SOTO, J., GALACHE-LAZA, M.T., CAMPOS-VALENZUELA, M. 2022. Financial literacy in SMEs: a bibliometric analysis and a systematic literature review of an emerging research field. *Review of Managerial Science* 17, 787-826.

A desigualdade na composición da renda en Galicia

JOSÉ MANUEL AMOEDO¹

¹ Grupo de Investigación ICEDE, Departamento de Economía Aplicada
Universidade de Santiago de Compostela
jm.amoedo@usc.gal

Palabras chave: desigualdade na composición da renda, distribución da renda, desigualdade.

A desigualdade na composición da renda (DCR) refírese a en que medida os individuos perciben renda de múltiples fontes. Este enfoque parte da división salarios-rendas do capital como únicas fontes [1,2], o cal limita a análise desta realidade (heteroxeneidade interna en ambas fontes e papel redistributivo do Estado).

Neste traballo presentamos un novo enfoque que permite analizar esta realidade dunha forma máis complexa, tanto para a distribución primaria como a secundaria (Táboa 1).

Táboa 1. Composición da renda primaria e secundaria.

Fonte de renda	Distribución	
	Primaria	Secundaria
Salarios formados	x	x
Salarios non formados	x	x
Mixtas	x	x
Inmobiliarias	x	x
Financeiras	x	x
Outras fontes	x	x
Impostos ¹		x
Prestacións sociais		x
Servizos públicos		x

Partindo das contribucións de Ranaldi [1,2] aplicadas ás diferentes fontes de renda de forma individual, propomos o uso do seguinte indicador que denominamos como índice da Desigualdade na Composición da Renda (DCR):

$$DCR = \sum_{j=1}^J \pi^j * |IFC(j)|,$$

O símbolo j é a fonte de renda, π^j o peso da fonte de renda sobre a renda primaria ou secundaria e $IFC(j)$ o coeficiente de Ranaldi para a fonte de renda j . Empregando datos dos fogares galegos da ECV [3] obtemos os resultados das Figuras 1 e 2 sobre a evolución da DCR e as contribucións das fontes primarias.




Figura 1: DCR en Galicia 2007-2021.




Figura 2: IFC para fontes de renda primaria en Galicia 2007 e 2021.

A renda secundaria mantivo unha tendencia crecente até a actualidade, pero a secundaria decreceu dende o 2015. Os factores tras isto son, por unha banda, a maior concentración nos fogares máis ricos dos salarios formados e, especialmente, das rendas financeiras. Pola outra banda, a maior concentración nos máis pobres das rendas inmobiliarias e as outras fontes de renda.

Agradecementos

Ós meus colegas Bruno Blanco Varela e Hugo Campos Romero que axudaron na imputación da renda en especie dos servizos públicos e outras cuestións.

Referencias

- [1] RANALDI, M. 2022. Income Composition Inequality. *Review of Income and Wealth* 68(1), 139-160.
- [2] RANALDI, M., MILANOVIC, B. 2022. Capitalist Systems and Income Inequality. *Journal of Comparative Economics* 50(1), 20-32.
- [3] Instituto Nacional de Estadística. 2021. *Encuesta de Condiciones de Vida*. Microdatos 2008-2022.

Sexismo, celos, agresividad y gravedad percibida en la violencia de pareja

JOSÉ MARÍA BARREIRO ¹

¹ *Departamento de Psicología Social, Básica y Metodológica. Universidad de Santiago de Compostela*
josemaria.barreiro@rai.usc.gal

Palabras clave: violencia de género, agresores, intervención.

El propósito de este trabajo es analizar la relación entre el mantenimiento de creencias sexistas y la violencia de género. Se han comparado las puntuaciones en sexismo hostil y sutil, percepción de gravedad, celos y tendencia a la agresividad entre una muestra de varones de la población general y condenados por delitos de violencia de género realizando el Programa de Rehabilitación e Intervención en Agresores en medio abierto (PRIA MA) [1].

Se realizaron comparaciones antes y después de la aplicación del programa, para comprobar si tras la intervención, los penados han reducido las puntuaciones en los factores de riesgo igualando a la población general. Los resultados indican diferencias significativas en las variables analizadas entre ambos grupos antes de la asistencia al programa y diferencias menores después de la asistencia al mismo.

Se concluye que, aún cuando el programa de intervención ha tenido un resultado positivo sobre los agresores, sería necesario analizar en mayor profundidad el efecto de cada componente de forma individual.

Referencias

- [1] RUIZ ARIAS, S., NEGREDO LÓPEZ, L., RUIZ ALVARADO, A., GARCÍA MORENO BASCONES, C., HERRERO MEJÍAS, O., YELA GARCÍA, M., PÉREZ RAMÍREZ, M. 2010. *Programa de intervención para agresores (PRIA)*. Madrid: Ministerio del Interior. Secretaría General Técnica.

Maternidade, paternidade e participación política: análise das actitudes das nais e dos pais cara ás representantes políticas

SUSANA BASANTA DÍAZ¹, MÓNICA FERRÍN PEREIRA², GEMA GARCÍA ALBACETE³

¹ *Departamento de Ciencia Política e Socioloxía. Universidade de Santiago de Compostela*

² *Departamento de Socioloxía e Ciencias da Comunicación. Universidade da Coruña*

³ *Departamento de Ciencias Sociales. Universidad Carlos III de Madrid*

susana.basanta.diaz@usc.gal

Palabras chave: maternidade, fenda de xénero, representación.

Introdución

O acceso ao poder político é un dos ámbitos da esfera pública nos que non é posible falar de paridade entre homes e mulleres. Neste contexto, é necesario analizar que factores dificultan a consecución dunha igualdade real. Un deles é o impacto da maternidade e da paternidade nas actitudes cara á representación descritiva das mulleres en política. Isto permite entender como se relaciona ter fillos/as cunha visión máis ou menos conservadora das mulleres en política.

Obxectivos e hipóteses

O1: Analizar as diferencias nas actitudes cara ás políticas entre persoas con e sen fillos/as.

H1. Maternidade = actitudes máis conservadoras

Non maternidade = actitudes menos conservadoras

H2. Paternidade = actitudes máis conservadoras

Non paternidade = actitudes menos conservadoras

O2: Analizar as diferencias nas actitudes cara ás políticas entre mulleres e homes.

H3. Paternidade = actitudes máis conservadoras

Maternidade = actitudes menos conservadoras

H4. Maternidade / Non maternidade = diferencias máis grandes

Paternidade / Non paternidade = diferencias máis pequenas

Resultados preliminares

A maternidade ten un efecto conservador nas mulleres e un maior impacto que a paternidade (apenas hai diferenzas entre pais/non pais) (Figura 1).




Figura 1: Efecto de ser pai/nai sobre as actitudes cara ás mulleres en política.

O efecto da maternidade acentúase na etapa máis activa de crianza. Nesta etapa, a paternidade tamén ten un lixeiro efecto conservador (Figura 2).




Figura 2: Efecto de ser pai/nai de menores de 11 anos sobre as actitudes cara ás mulleres en política.

Interconexiones entre gas natural, energía limpia, tecnología y petróleo crudo para los mercados europeos

ONS BEN LARBI¹

¹ *Departamento Economía Financiera y Contabilidad. Universidade de Santiago de Compostela*
Ons.ben@rai.usc.gal

Palabras clave: mercado energético, QVAR, mercado de acciones.

Los amplios impactos de la crisis financiera sanitaria y el conflicto Ucrania-Rusia subrayan su influencia en la interconexión entre los mercados energéticos (como la energía limpia, el gas natural y el petróleo crudo), la tecnología y la volatilidad del mercado de valores. Nuestro estudio, abordado de manera sistémica utilizando el innovador método de conectividad cuantil VAR, investiga la interacción entre los mercados energéticos, la tecnología y la volatilidad del mercado de valores en los países europeos de 2017 a 2023. Encontramos que la conectividad se intensifica durante las crisis, especialmente durante la pandemia de salud y Ucrania -Conflictos de Rusia. Además, esta conectividad es más pronunciada en los cuantiles extremos (superior e inferior), y el mayor efecto de contagio se produce en los cuantiles inferiores, lo que confirma una mayor interconexión durante condiciones de mercado bajistas. La eficacia de la cobertura demuestra una eficacia sólida para la volatilidad del mercado de valores, el gas natural y el petróleo crudo. Sin embargo, la eficacia de la tecnología como cobertura parece estar disminuyendo. Nuestros hallazgos son importantes en el sector de inversión, en especial en las estrategias de refinación adaptadas al mercado de energía limpia.

Diferencias por sexos en los pensamientos negativos en personas de más de 50 años

QUEILA BOUZA¹, VANESSA BLANCO², TANIA COTARDO¹, FERNANDO L. VÁZQUEZ¹

¹ *Departamento de Psicología Clínica y Psicobiología. Universidad de Santiago de Compostela*

² *Departamento de Psicología Evolutiva y de la Educación. Universidad de Santiago de Compostela*

queila.bouza.peteiro@usc.gal

Palabras clave: pensamientos negativos, 50 años o más, diferencias por sexo.

Antecedentes y objetivo

Los pensamientos negativos son una dimensión funcional del trastorno de depresión mayor, asociado a discapacidad, suicidio, y desde los 50 años, a cambios cognitivos. Aunque las mujeres muestran mayores tasas de depresión, las diferencias por sexos en los pensamientos negativos han sido poco estudiadas en este grupo etario. El objetivo del presente estudio fue examinar las diferencias entre hombres y mujeres mayores de 50 años en los pensamientos negativos.

Método

Se realizó un estudio transversal con una muestra representativa de 725 participantes mayores de 50 años (71.7% mujeres, edad media = 63 años) de Galicia. Psicólogos formados recogieron los datos sociodemográficos y de forma autoadministrada el Cuestionario de Pensamientos Automáticos (ATQ).

Resultados

La media de pensamientos negativos fue 44.4 ($DT = 15.3$) en hombres y 48.9 ($DT = 17.4$) en mujeres ($t = -3.39, p < .001$). El 25% de hombres y el 30% de mujeres

constituyeron potenciales casos de depresión ($ATQ \geq 52$). Mayores puntuaciones en reforzamiento y neuroticismo se relacionaron con más pensamientos negativos en hombres ($\beta = -0.31, p = .005$; $\beta = 0.53, p < .001$; respectivamente) y mujeres ($\beta = -0.37, p < .001$; $\beta = 0.31, p < .001$; respectivamente); y menores ingresos ($\beta = -0.09, p = .039$) y tener empleo ($\beta = -0.12, p = .010$) en mujeres.

Conclusiones

Se encontraron mayores pensamientos negativos en mujeres, empleadas, con menores ingresos y reforzamiento ambiental, y mayor neuroticismo. Se recomienda que las intervenciones dirigidas a este perfil incorporen la esfera cognitivo-conductual.

Inclusión digital en promoción salud mental de las personas mayores: estudio de caso, municipio de la región norte de Portugal

MÓNICA CARDOSO¹

¹ *Departamento de Pedagogía e Didáctica. Facultade de Ciencias da Educación da
Universidade de Santiago de Compostela*
monicasofia.cardoso@rai.usc.gal

Palabras clave: inclusión digital, salud mental, educación permanente.

Los avances tecnológicos exponenciales y el crecimiento de la población mayor en Portugal y en todo el mundo hacen urgente discutir la inclusión digital de este grupo de edad, así como la idea de una educación que dure todo el proceso de aprendizaje permanente.

La investigación se realizó con una muestra de 546 personas mayores pertenecientes a un municipio de la Región Norte de Portugal. El objetivo de este estudio fue evaluar el impacto del uso de la plataforma en la inclusión digital y en la salud mental de los participantes.

La metodología utilizada es de carácter cuantitativo, incluyendo un estudio cuasiexperimental pretest y posttest, en el que los participantes utilizaron la plataforma Sioslife durante un período de 12 meses. La inclusión digital se evaluó mediante cuestionarios y pruebas de habilidades digitales, mientras que la salud mental se evaluó mediante escalas de bienestar emocional, depresión y ansiedad. Los resultados indican que la plataforma Sioslife fue efectiva para promover la inclusión digital y la salud mental de las Personas Mayores.

Los participantes demostraron una mejora significativa en habilidades digitales y bienestar emocional y memoria.

La innovación de este estudio es de notable importancia al cuestionar la misión del uso de las plataformas digitales como agente de transformación educativa y social, especialmente cuando exige un mayor papel de la educación en la vida cotidiana [1].

Agradecimientos

Un agradecimiento especial al profesor Doutor Caride por su apoyo y compromiso al comienzo de mi viaje.

Referencias

- [1] CARIDE, J. A. 2005. *Las fronteras de la pedagogía social. Perspectivas científica e histórica*. Gedisa.

Discurso de odio no ensino. Anatomía dun disruptor

ANA MARÍA CASTRO MARTÍNEZ¹

¹ *Departamento de Ciencias da Educación. Universidade de Santiago de Compostela*
anamaria.castro.martinez0@rai.usc.gal@usc.gal

Palabras chave: discurso de odio, intolerancia, discriminación.

O discurso de odio defínese como calquera tipo de comunicación (oral ou escrita) ou comportamento, que ataca/utiliza unha linguaxe pexorativa/discriminatoria cara a unha persoa ou grupo en referencia ao que é [1].

Vaise afondar no discurso de odio por razón de discapacidade cando se produce por alumnado contra alumnado con discapacidade, acontecendo eses comportamentos no centro escolar e baixo a súa tutela, na súa función de custodia e dada a especial protección deste alumnado en situación de alta vulnerabilidade, onde a Administración educativa ten a obriga de facilitar os medios para que non se produzan.

Estúdase este disruptor no Ensino Secundario e FP Básica en Galicia, sendo o método de investigación utilizado o análise tanto de contidos [2], como de casos reais e enquisas.

Queremos identificar as deficiencias en relación ao discurso de odio por razón de discapacidade no Decreto de convivencia e participación escolar vixente en Galicia [3], pero tamén determinar as actitudes do alumnado e o profesorado ante esta figura, co fin de propor modificacións no citado Decreto e formular recomendacións dirixidas ao deseño de accións, liñas de actuación e estratexias de mellora no eido educativo para previr e frear os comportamentos de incitación ao odio por motivos de discapacidade.

Atopamos figuras que xeran dúbidas porque non está claramente definido o seu contido (acoso escolar/conduitas contrarias á convivencia), facendo difícil e confuso axustalas, entorpecendo as resolucións dictadas pola Administración edu-

cativa e facendo que algunhas sexan incorrectas, polo que resulta preciso repensar as súas definicións.

Referencias

- [1] ONU. 2019. Estrategia y Plan de acción de las Naciones Unidas para la lucha contra el discurso de odio.
- [2] BERELSON, B. 1952. *Content Analysis in Communication Researches*. Glencoe III.
- [3] Xunta de Galicia 2015. Decreto 8/2015, de 8 de xaneiro, polo que se desenvolve a Lei 4/2011, do 30 de xunio, de convivencia e participación da comunidade educativa en materia de convivencia escolar.

Introdución á realidade virtual en educación

MARÍA CERDEIRA GONZÁLEZ¹

¹ *Departamento de Didácticas Especiais. Universidade de Vigo.*
Facultade de Educación e Traballo Social. Ourense
maria.gonzalez.cerdeira@uvigo.gal

Palabras chave: realidade virtual, educación, percepción.

A educación está cada vez máis orientada cara ao deseño de espazos virtuais de aprendizaxe debido ao seu potencial, aínda que o seu uso na educación obrigatoria segue sendo limitado. Neste traballo explicarei como a través da miña tese de doutoramento, que ten por título «Introdución á Realidade Virtual en Educación», pretendo contribuír no contexto de educación primaria (EP) á incorporación da realidade virtual (RV), que é un sistema computacional que permite a creación de entornos artificiais por parte do usuario [1]. Para o seu desenvolvemento, establecerónse os seguintes obxectivos: coñecer que pensa o profesorado de EP sobre a incorporación da RV nas aulas e crear ou optimizar unha ferramenta de RV como recurso educativo. Para acadar ditos obxectivos, esta investigación estruturouse en tres fases: a primeira, na que se leva a cabo unha revisión sistemática de bibliografía relacionada coa RV en educación e a percepción do profesorado sobre esta tecnoloxía como recurso educativo, que se tomarán como referencia para a elaboración dunha ferramenta para recoller información sobre a opinión do profesorado de Galicia; na segunda fase, difundirase dita ferramenta, recollerase a información e analizarase; por último, na terceira fase, a partir dos resultados, crearase unha ferramenta ou optimizarase unha aplicación existente para o seu uso na etapa de EP.

Referencias

- [1] CARDOSO, A., KIRNER, C., JÚNIOR, E. L. E KELNER, J. 2007. Tecnologias e ferramentas para o desenvolvimento de sistemas de realidade virtual e aumentada. En A. Cardoso, C. Kirner e E. Lamounier (Eds.), *Tecnologia para o desenvolvimento de sistemas de realidade virtual e aumentada* (pp. 1-19). Editora Universitária UFPE.

Refugees welcome? Unha aproximación á participación política a favor das persoas refuxiadas no estudantado universitario

LAURA DOCAMPO¹, TAMARA FERNÁNDEZ-CORES, JOSÉ-MANUEL SABUCEDO

¹ *Departamento de Psicoloxía Social, Básica e Metodoloxía*
Universidade de Santiago de Compostela
laura.docampo.lopez@usc.gal

Palabras chave: ira, participación política, refuxiados.

Contexto e obxectivo xeralE OBXECTIVO

No ano 2022 había 35.3 millóns de persoas refuxiadas no mundo [1]. Coa proliferación dos distintos conflitos a nivel mundial, este número vai en aumento, e en moitas ocasións, o destino destas persoas está en países europeos. Pero está a poboación disposta a axudalas? O obxectivo principal desta investigación foi analizar os factores que levan ao estudantado universitario a participar politicamente a favor das persoas refuxiadas, centrándose no papel da ira, a solidariedade política e a obriga moral.

Método

Recolléronse, mediante escalas estandarizadas, datos en liña de 463 estudantes do colectivo universitario. O 66.5% formaba parte das universidades galegas. O 76.9% da mostra eran mulleres, e a media de idade foi de 22.00 anos.

Cos datos recollidos, e para acadar o obxectivo da investigación, levouse a cabo unha análise de mediación serial a través dos softwares estatísticos SPSS e RStudio.

Resultados e conclusións

Os datos indican que a ira leva ás estudantes á participación política, tanto de forma directa como indirecta (Figura 1). A vía indirecta serial permite ver que, cando a situación que viven as persoas refuxiadas enfada ás estudantes, a súa solidariedade cara a elas aumenta. Isto lévaas a sentir unha obriga moral a actuar para mellorar dita situación, o cal, en última instancia, favorece a participación política. Tanto a solidariedade política como a obriga moral median tamén esta relación de forma individual. Todos os efectos indirectos son significativos e permiten explicar os mecanismos subxacentes á participación política a favor das persoas refuxiadas.




Figura 1: Modelo de mediación serial que explica a relación entre a ira baseada no grupo e a participación política a través da solidariedade política e da obriga moral.

Referencias

- [1] Alto Comisionado das Nacións Unidas para os Refuxiados (ACNUR). 2022. *Tendencias globales. Desplazamiento forzado en 2022*. https://www.acnur.org/sites/default/files/2023-06/global-trends-2022_esp.pdf

Explorando o potencial e as limitacións do crecemento de fibras têxteis celulósicas como estratexia circular e bioeconómica

ELISA DURÁN-RUBÍ¹

¹ *Grupo ICEDE, Facultad de Ciencias Económicas y Empresariales
Universidade de Santiago de Compostela*

elisa.duran.rubi@usc.gal

Palabras chave: economía circular, biomateriales, têxtil.

A crecente preocupación pola superación dos límites ambientais impulsa a necesidade de transformar o modelo económico lineal tradicional cara á Economía Circular, como unha alternativa sostible que inclúe estratexias desde a ecoeficiencia e a reciclaxe ata cambios significativos sociais e institucionais. Neste contexto, as fibras celulósicas artificiais (FCA) foméntanse como solución cara ós desafíos ambientais do sector têxtil, ó ser un dos máis contaminantes. Estas FCA, obtidas de polpa de árbores ou têxteis reciclados, incrementaron a súa produción nos últimos 20 anos, superando ás fibras de algodón e sintéticas. Esta promoción, dentro do marco da bioeconomía, busca substituír fibras derivadas do petróleo, fomentar a silvicultura e superar limitacións do algodón. Con todo, enfrontan retos como implementar a química verde, a localización da produción, a xestión da silvicultura e a expansión novas plantas celulósicas, exacerbados por limitacións na reciclaxe e consumo excesivo na moda. Esta investigación, mediante modelos econométricos, examina estes factores catalizadores e limitadores do aumento de FCA e se esta estratexia favorece un verdadeiro cambio de paradigma no têxtil. Móstrase que, aínda que as FCA brindan beneficios ambientais, enfrontan retos tecnolóxicos e é necesario complementalas con cambios profundos nos patróns de produción e consumo, estendéndose máis aló da mera substitución de materiais e reciclaxe.

Medio século após o 25 de abril: a economía portuguesa onte e hoxe

CARLOS DE FRANCISCO¹

¹ *Departamento de Economía Aplicada*
Universidade de Santiago de Compostela
carlos.francisco@usc.gal

Palabras chave: Portugal, economía, desenvolvemento.

Alén do simbolismo que as efemérides históricas levan consigo, os aniversarios de acontecementos pretéritos sempre son momentos propicios para os debates sobre a significación deles. Decorrido medio século desde un dos episodios máis salientes do pasado portugués, a Revolución dos Caraveis, tórnase conveniente reflexionar, adoptando unha perspectiva histórica, sobre as principais mudanzas e permanencias que poden ser advertidas na economía portuguesa ao considerarmos o Portugal de mediados dos anos setenta [1], que despedía unha longuíssima etapa ditatorial, e o actual.

Comparando, nun sentido amplo, a realidade económica portuguesa de hai medio século e a presente, os principais dominios cuxa confrontación se desexa por en relevo e presentar son, particularmente, a evolución da distribución da forza de traballo no territorio, as transformacións operadas na estrutura produtiva nacional e as mudanzas experimentadas nos intercambios comerciais co exterior. De forma paralela aos procesos sinalados, a énfase na confección dun moderno Estado do benestar irrompe tamén como outra das vertentes basilares consideradas [2].

En síntese, o estudo da evolución xeral, ao longo do medio século tratado, dalgúns dos ámbitos máis significativos que conforman o tema examinado posúe unha gran relevancia para, alén de fornecer un retrato clarificador do período abordado, poder reflexionar sobre o porvir posíbel e desexábel que, na súa dimensión económica, Portugal ten diante de si [3].

Referências

- [1] LEITÃO, N. A. 2007. *Estado Novo, democracia e Europa, 1947-1986*. Instituto de Ciências Sociais.
- [2] AMARAL, L. 2019. *The modern Portuguese Economy in the twentieth and twenty-first centuries*. Palgrave Macmillan.
